XUNTA DE GALICIA
CEIP PLURILINGÜE CELSO EMILIO FERREIRO

Celso Emilio Ferreiro, s/n 15186 CERCEDA - A CORUÑA
881 880 506 881 880 507
ceip.celso.emilio.ferreiro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcelsoemilioferreiro/

galicia




# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

**INSPECTOR: Adrián Fernández Martín**

**Curso 2023/2024**

ÍNDICE 2
INTRODUCIÓN 3
1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 3
1.1. Mantemento das instalacións 3
1.2. Concreción anual do Proxecto de Dirección 3
1.3. Concreción anual do Proxecto Educativo actualizado 4
1.4. Concreción anual do Plan de Convivencia 4
1.5. Concreción pedagóxica e organizativa 4
1.6. Plan de reforzo 6
1.7. Actuacións para o período da actividade lectiva non presencial 6
2. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS 7
3. RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO 8
4. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO 8
5. PROPOSTAS DE MELLORA DESCRITAS NA MEMORIA FINAL 9
5.1. Educación Infantil 9
5.2. Pedagoxía terapéutica 9
5.3. Actividades complementarias e extraescolares 9
5.4. Proxecto de dinamización da biblioteca 10
5.5. Plan Tic 10

6. ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS: ESTRATEXIAS 10
7. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA 15
7.1. Órganos Colexiados de Goberno 15
7.2. Órganos Unipersoais de Goberno 18
7.3. Órganos de coordinación docente 18
7.3.1. Equipos de Ciclo e Equipos de NIvel 18
7.3.2. Comisión de Coordinación Pedagóxica 18
7.3.3. Equipo de Dinamización da Lingua Galega 18
7.3.4. Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares 19
7.4. Titorías 20
7.5. Equipo da Biblioteca 20
7.6. Equipo de Novas Tecnoloxías 20
8. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO 20
9. VIXILANCIA DOS RECREOS E DO TRANSPORTE ESCOLAR 21
10. FORMACIÓN DO PROFESORADO 21
11. PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA 21
12. PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO 22
13. LIBROS E MATERIAIS 22
14. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO 22
15. PERSOAL NON DOCENTE 22
16. RELACIÓNS COA COMUNIDADE E FAMILIAS 22
17. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA 23
18. ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS ESPAZOS 24
18.1. Horario de audiovisuais e biblioteca 24
19. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO 25

20. SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS 25
20.1. Comedor Escolar 25
20.2. Transporte Escolar 26
21. PROXECTOS DE TRABALLO 26
21.1. Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares 27
21.2. Equipo de Dinamización da Lingua Galega 28
21.3. Equipo de Biblioteca 30
21.4. Equipo de Novas Tecnoloxías 31
21.5. Educación Infantil 31
21.6. Educación Primaria 32
22. PRESENTACIÓN, AVALIACIÓN, APROBACIÓN E REMISIÓN DA PXA 35
ANEXO I Plan de Igualdade 37
ANEXO II Addenda ao Proxecto Lingüístico 47
ANEXO III Plan Lector Anual 52
ANEXO IV Plan Dixital 57
ANEXO V Plan Anual de Atención á Diversidade 75
ANEXO VI Plan de Acción Titorial 87
ANEXO VII Plano da Estrutura Orgánica do Centro 101
ANEXO VIII Adscrición do profesorado 102
ANEXO IX Calendario resumo de reunións 104
ANEXO X Distribución horaria 105
ANEXO XI Calendario Escolar 112
ANEXO XII Lista estatística de transporte 113

# INTRODUCIÓN

Os obxectivos que nos fixamos para este curso, e as temporalizacións marcadas, deberán estar supeditadas á eficacia do traballo realizado. Trataremos, en todo momento, de reflexionar sobre a práctica educativa e consensuar obxectivos, metodoloxías a empregar, metas…

A organización curricular desta Programación terá como marco referencial as ensinanzas reguladas na seguinte normativa:

- Real Decreto 95/2022 de 1 de febreiro, por el que se establecen la ordenación y enseñanzas mínimas de Educación Infantil.
- Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, por el que se establecen la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Primaria.
- Real Decreto 95/2022, de 1 de febrero, por el que se establece la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Infantil.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia

## 1.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO

### 1.1.- MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS

Solicitáronse ao Concello as seguintes obras de mantemento e mellora para levalas a cabo no presente curso escolar:

- Arranxo dos baños.
- Instalación dun cambiador no baño de Educación Infantil.

### 1.2.- CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO DE DIRECCIÓN

- Mantemento das instalacións.
- Renovación e mellora de material e equipamento.
- Potenciar e apoiar a organización e desenvolvemento de actividades de innovación educativa e de formación do profesorado.
- Revisión e adecuación de documentos organizativos e pedagóxicos.
- Aplicación do Plan de Igualdade seguindo a instrución do 6 de setembro de 2019 da Dirección Xeral. ANEXO I.

- Aplicación do Plan Dixital de Centro.
- Colaboración estreita coa Asociación de Nais e Pais.
- Continuar a elaboración do Plan de Mellora de Centro, seguindo as directrices que marque a Consellería.

## 1.3.- CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO ACTUALIZADO

- Aplicar o Proxecto Educativo do Centro, avaliado e aprobado polo Consello Escolar con data do 20 de setembro de 2021. No presente curso revisaremos o PE coa finalidade de adaptalo á nova normativa vixente.

## 1.4.- CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA

- O Plan de Convivencia foi aprobado no curso 2018/2019.
- As accións a levar a cabo no presente curso serán as correspondentes aos cambios lexislativos que se puideran producir.
- No presente curso académico forneceremos, especialmente, os seguintes aspectos:
  - Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia.
  - Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa.
  - Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.
  - Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

## 1.5.- CONCRECIÓN PEDAGÓXICA E ORGANIZATIVA

- Potenciar no alumnado o equilibrio, a autonomía persoal e o sentido da responsabilidade.
- Espertar no alumnado valores e actitudes positivas.
- Impulsar o coñecemento do inglés en Educación Infantil e en Educación Primaria.
- Responsabilizar ao alumnado no coidado do seu centro e da contorna.
- Lograr a integración do alumnado con necesidades educativas específicas.

- Dinamizar a biblioteca e ampliar a súa versatilidade funcional.

- Acercar a informática ao alumnado e aproveitar as súas vantaxes para afianzar os obxectivos e contidos nas áreas seguintes de Educación Infantil:
    - Comunicación e Representación da Realidade.
    - Crecemento en Harmonía.
    - Descubrimento e Exploración da Contorna.
    - Lingua estranxeira - Inglés.

  Nas seguintes áreas de Educación Primaria LOMLOE:
    - Ciencias da Natureza.
    - Ciencias Sociais.
    - Educación Física.
    - Educación Plástica e Visual.
    - Lingua Castelá e Literatura.
    - Lingua Estranxeira.
    - Lingua Galega e Literatura.
    - Matemáticas.
    - Música e Danza.

- Aplicar as Programacións Didácticas do Centro do segundo Ciclo de Infantil e de Educación Primaria, que deberán incluír os seguintes aspectos LOMLOE:
    - Introdución.
    - Obxectivos.
    - Metodoloxía.
    - Avaliación.
    - Medidas de atención á diversidade.
    - Transversal.
    - Práctica docente.

  Deberase utilizar para a elaboración e seguimento das ditas programacións, a aplicación informática PROENS.

- Aplicar o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo en conta as renovacións especificadas no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario, así como a addenda que se inclúe no presente documento tal como se especifica no punto 4 do citado Decreto, avaliada positivamente polo Consello Escolar con data do 2 de outubro de 2023. ANEXO II.

- Aplicar o Plan Lector Anual. ANEXO III.
- Aplicar o Plan Dixital elaborado coa colaboración do Claustro . ANEXO IV.
- Aplicar a concreción do Plan Anual de Atención á Diversidade, seguindo as directrices do artigo 11.4 do Decreto 229/2011. ANEXO V.
- Aplicar o Plan de Acción Titorial . ANEXO VI.
- Continuar co Plan Plurilingüe na materia de plástica en todos os cursos de Educación Primaria.
- Continuar con Pluriinfantil nos dous cursos de Educación Infantil cunha sesión semanal por grupo, tal como figura no proxecto especifico.

## 1.6.- PLAN DE REFORZO

A partir dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2022/2023 e da avaliación inicial, reforzaranse os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior, os cales serán previamente determinados polos equipos docentes e departamentos didácticos, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O plan de reforzo desenvolverase mediante axustes curriculares, segundo as necesidades individuais do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial e estenderase, alomenos, durante o primeiro trimestre do curso 2023/2024.

No plan de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

## 1.7.- ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DA ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

O ensino non presencial, de ser necesario, será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual que cada grupo ten creada. http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcelsoemilioferreiro/aulavirtual

O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos disponibles, ben achegados polo propio profesor ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o profesorado poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

O equipo responsable do Plan Dixital do centro identificará aos alumnos que teñan dificultades de conexión ou falla de equipamento para adoptar as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

a) Contacto semanal coa alumnado a través de videoconferencia (empregarase a plataforma webex)

b) En Educación Primaria empregaremos aparte da aula virtual do centro, as seguintes aplicacións:

-APLICACIÓN INFORMÁTICA TOKAPP (Dado que a mesma sí abarca a todas as familias).
- APLICACIÓN ABALARPRO
-CORREO ELECTRÓNICO, incluíndo videochamadas cando os casos o requiren.
-APLICACIÓN DE GOOGLE “HANGOUTS”. As explicacións fanse a través da gravación de vídeos, nos que se visualizan as páxinas do libro da materia que se está a tratar xunto coa explicación do mestre. A App empregada para a gravación é “AZ Screen Recorder”.
-AULAS DIXITAIS DAS EDITORIAIS.

c) En Educación Infantil levaranse a cabo PROPOSTAS DE ACTIVIDADES elaboradas para que o alumnado continúe co seu proceso educativo nos seus domicilios. Elaboraranse actividades diarias que se remitirán ás familias por parte do Equipo de Ciclo a través da aplicación Tokapp.

d) En canto á Atención á Diversidade empregaranse ás mesmas aplicacións adaptando os contidos a través dos/das docentes de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Potenciaranse os contactos periódicos co alumnado a través de videoconferencias de cara a evitar, no posible, a desvinculación cos seus docentes.

## 2.- MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

- ☐ Contactar de xeito periódico coa Administración Local.
- ☐ Colaborar coa Asociación de Nais e Pais.
- ☐ Intentarase traballar para acadar una educación baseada na realidade.
- ☐ Procurarase a coordinación entre todo o profesorado tanto nos proxectos que aglutinan ao colexio na súa integridade (PE, PD, NOF, PXA), como nas actividades programadas.
- ☐ Impartir a primeira Lingua Estranxeira na Educación Infantil tendo en conta as normas aplicables.
- ☐ Seguimento periódico do grao de consecución dos obxectivos relacionados co Plan de

Plurilingüismo e Pluriinfantil.

- Procurarase unha adaptación integral do alumnado con necesidades educativas específicas.

- Garantirase o equilibrio no emprego das dúas linguas oficiais e promocionaremos a dinamización da lingua galega.

- Intentaremos potenciar todo tipo de experiencias escolares cos novos enfoques que ofrecen as novas tecnoloxías e, especialmente, aplicando os medios informáticos no desenvolvemento do currículo.

- Continuar co "Proxecto de Dinamización da Biblioteca Escolar".

- Continuar co Proxecto "Programa Atrévete" enfocado ao alumnado de 5º e 6º de primaria.

## 3.- RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO

HUMANOS: Consello Escolar, Claustro de Profesores, persoal non docente, mestres de Equipo de Ciclo de Infantil, mestres de Equipos de Ciclo de Primaria, e Comisión de Coordinación Pedagóxica.

MATERIAIS: Biblioteca, audiovisuais, material impreso e xogos de diferentes tipos, material confeccionado polos propios alumnos, comedor escolar, aula e material de música, aula de informática e ximnasio, este último cun dobre emprego: deportivo e como espazo para celebracións e conmemoracións.

## 4.- PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

- A avaliación do funcionamento do centro farase de forma continua partindo de:
  - Análise construtivo sobre o PE do noso Centro, reflectindo os obxectivos educativos que se pretendan acadar e os principios metodolóxicos.
  - Grao de implicación da comunidade educativa na vida cotiá do Centro.
  - Valoración funcional da estrutura organizativa, contemplando a organización de espazos e de tempos na procura dunha maior optimización dos recursos dispoñibles.
  - Estudo de distintas propostas de avaliación inicial do alumnado, así como os resultados académicos obtidos.

## 5.-PROPOSTAS DE MELLORA DESCRITAS NA MEMORIA FINAL

Durante o presente curso escolar intentaremos, dentro das posibilidades e recursos dispoñibles do centro, atender ás propostas de mellora indicadas na memoria do curso 2022/2023 e que foron as seguintes:

## 5.1.-EDUCACIÓN INFANTIL

- Contar coa mestra especialista en A.L. máis sesións para atender ás necesidades existentes, xa que algúns alumnos quedaron sen atención por falta de horario dispoñible da mesma.
- Continuar co apoio da mestra especialista de P.T. (debido a posibles necesidades susceptibles de ser tratadas).
- Se é posible nos horarios, contar cos apoios de P.T. e A.L. ás segundas ou ás cuartas horas da mañá.
- Se o funcionamento xeral do centro o permite, ter as especialidades ás últimas horas da xornada (informática, relixión, psicomotricidade e pluriinfantil).
- Manter o presuposto das aulas de 250 € para cada unidade.

## 5.2.-PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Contar con mestres especialistas a tempo completo os 5 días á semana. Isto serviría para acadar unha mellora nos apoios e poder continuar co traballo realizado durante este ano académico.

Outro aspecto a ter en conta é a presenza da orientadora no centro (adscrita co seu centro base noutro centro da zona), a cal soamente asiste ao colexio unha hora, un día a semana. Este feito implica que se produza un atraso na realización das avaliacións e no seguimento do alumnado. É importante, para unha mellora nos apoios, contar cunha presenza máis continua por parte da xefa do Departamento de Orientación e unha maior implicación no día a día do colexio, para favorecer o coñecemento do alumnado.

Por último, para o próximo ano sería necesario reconsiderar a duración das sesións cunha parte do alumnado, especialmente de Infantil, xa que 50 minutos de traballo para nenos de 6 anos fanse demasiado longas e, en moitos casos, improdutivas. É preciso ter en conta as necesidades e características de cada neno e nena e adaptar así a duración das sesións de apoio.

## 5.3.-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Optimizar a coordinación entre os diferentes equipos coa finalidade de que as actividades a nivel de centro non resulten excesivas. E sobre todo coa ANPA e a principio do curso, para deixar todo o mais atado posible, co fin de alonxarnos da improvisación á que nos fomos sometendo nos dous últimos cursos e que levou a que algúns titores se manifestaran desbordados de tarefas externas ao quefacer diario das súas programacións. Consensuar propostas coas distintas titorías, co fin de levar a cabo actividades orixinais e non repetitivas, que motiven e impliquen positivamente ao alumnado e as súas familias.

## 5.4.-PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

- Invitar aos alumnos de 6º de primaria a colaborar na biblioteca, dándolle liderado en función da súa implicación
- Continuar coas mochilas viaxeiras e aínda amplialas con temáticas novas e motivadoras para os alumnos
- Seguir promovendo a iniciativa da biblioteca humana
- Aumentar na medida do posible os fondos de atención á diversidade
- Abrir a biblioteca nos recreos para o alumnado de infantil e primaria
- Procurar a máxima implicación das familias e do profesorado no fomento da lectura porque fomentar a lectura permite construír con facilidade novo coñecemento. Estamos vendo que este curso a lectura individual non foi tan proveitosa como debería ser. Da a impresión de que o alumnado "pasea "libros da escola á casa e viceversa. Imos ter que poñer en valor as lecturas compartidas
- Levar a cabo o PLAMBE (concedido na resolución de setembro de 2023)

## 5.5.-PLAN TIC

- Instalar novo software nos ordenadores, informando e asesorando ao profesorado dos obxectivos e funcionamento de cada un.
- Poñer en funcionamento unha aula de informática móbil.
- Formar ao profesorado no uso de E-DIXGAL e das pantallas interactivas.
- Actualización semanal da páxina web do centro incorporando, especialmente, todo tipo de enlaces educativos clasificados, así como blogs dos distintos cursos.

## 6.- ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS: ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS

O mestre de Pedagoxía Terapéutica será a responsable directo de atender a este alumnado. Así mesmo, contamos cun coidador a tempo total.

## I.- INTRODUCIÓN: LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN:

O presente plan de traballo está realizado seguindo as pautas sinaladas por todos os documentos oficiais vixentes no centro (PE, PD, NOF, PAT...) así como as directrices das resolucións pertinentes, circulares ao respecto...; sen descoidar as suxestións e aportacións recollidas do profesorado, familias...Así mesmo, este plan está apoiado nas suxerencias emanadas desde a Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro e das conclusións obtidas nas diferentes memorias (ciclos, niveis...) de finais de curso.
Durante o curso escolar 2023-2024 o Departamento de Orientación pretende afrontar as seguintes tarefas:

### A. Intervención no proceso de ensinanza-aprendizaxe:

- Facilitar ao profesorado pautas de observación relacionadas cos contidos, procedementos e actitudes que corresponden ás capacidades de cada etapa.

- Colaborar cos titores na recollida de información dos nenos, facilitando materiais para as entrevistas coa familias e/ou participando directamente na obtención de datos que poidan ser relevantes para facer un seguimento individualizado de cada discente.
  Transmisión de informacións sobre as características de cada alumno, xunto cos titores/as anteriores, que faciliten o coñecemento e axuste da programación do novo titor/a.

- Proporcionar materiais, criterios metodolóxicos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliables e rúbricas respecto aos procesos de ensinanza.

- Intervir nas reunións de coordinación.

- Elaboración, xunto cos equipos docentes, dos criterios e probas de avaliación inicial e final de acordo co establecido no proxecto curricular.

- Participar nas probas de avaliación final tomando como referentes os obxectivos e capacidades establecidas para a etapa.

- Intervir directamente nas sesións de avaliación. Intentar que as sesións de avaliación non sexan unha mera "letanía" de cualificacións, senón que sexan orientativas para futuras medidas e actuacións.

- Organizar recursos persoais que poidan axudar na prevención de problemas de aprendizaxe.

- Colaborar co profesorado no axuste metodolóxico e de contidos para os alumnos que teñan algunha dificultade na abstracción, organización de datos, elaboración de conclusións...

- Colaborar co profesorado na busca de estratexias para que os alumnos adquiran hábitos e técnicas de estudo, control do seu tempo, organización das tarefas...

## B. Dificultades de aprendizaxe:

- Avaliación dos alumnos con NEE.

- Participar e coordinar cos titores correspondentes no tratamento das NEE que xurdan e nas demandas formuladas.

- Coordinar o tratamento dos alumnos que precisen axustes curriculares ou reforzo educativo.

- Organización dos recursos persoais de axuda.

- Orientacións para o seguimento e tratamento.
- Recoller e aportar informacións que faciliten a atención dos nenos con NEE.
- Colaborar nas medidas que favorezan a evolución satisfactoria nos procesos de ensinanzaaprendizaxe, solicitude de recursos, entrevistas coas familias, terapeutas; acis...
- Participar no seguimento, avaliación e recollida de datos que permitan ter unha información precisa da situación do alumno/a.
- Informar puntualmente aos titores e ás familias das orientacións derivadas da exploración psicopedagóxica.
- Aporte de suxestións: metodoloxía, modelos de organización, etc. para abordar as necesidades educativas dos alumnos e alumnas.

## C. Desenvolvemento persoal e social:

- Facilitar actividades de titoría e materiais informativos sobre: autoestima, traballo en equipo, hábitos de autonomía, responsabilidade, valores, resolución de conflitos...
- Axudar aos alumnos e alumnas que presenten algunha dificultade no desenvolvemento persoal con intervención directa, buscando axudas externas, orientando a familias e profesores…
- Información a pais e titores sobre temas que poidan ser do seu interese.

## D. Información ao finalizar ciclo ou curso:

- Elaboración dun informe persoal de cada alumno cos datos relevantes que permita ter un coñecemento que facilite o seu seguimento ao longo da súa escolarización.
- Promoción do alumnado aplicando os criterios de promoción establecidos.
- Intervención, se fora precisa, no tratamento dalgún caso, tanto por demanda do titor como a instancia da familia, ante nenos que, pola súa natureza, precisen dunha orientación axustada ás súas dificultades.
- Transmisión de información aos novos titores cando esta sexa pertinente para axustar unha programación individualizada. Prever dificultades ou facilitar a súa relación co grupo.

## E. Coordinación e recursos:

- Orientar, planificar e axustar os recursos necesarios, tanto persoais como materiais, para o tratamento das necesidades de alumnos, pais e familias.

- Proporcionar protocolos de observación que faciliten aos titores a análise do problema e a precisión da demanda.

- Coordinarse con outros servizos: asistentes sociais, centro de saúde..., para establecer criterios conxuntos de intervención. Coordinación co CPI O Cruce.

## II.- ANÁLISE DE NECESIDADES E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DA ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

### Obxectivo 1: Colaborar co centro aportando propostas de mellora que den resposta ao desenrolo de estratexias de atención á diversidade.

Liñas básicas de actuación e temporalización:

- Actualización de informes, ditames... (1º trimestre).

- Novas valoracións (1º trimestre), e sempre que sexa preciso.

- Seguimento do alumnado con NEE: coordinacións, intercambio de información, de materiais... (todo o curso).

- Colaboración e asesoramento na elaboración e posta en práctica do Plan de Atención á Diversidade. (todo o curso).

- Asesoramento aos titores, profesorado de apoio ás NEE e, se fora o caso, ao profesorado das áreas adaptadas na elaboración de ACIs. (todo o curso, especialmente no 1º trimestre).

- Asesoramento ás familias de alumnado con NEE. (todo o curso).
- Asesoramento ao profesorado sobre medidas ordinarias de atención á diversidade. (todo o curso).

- Todas aquelas que podan ir xurdindo e sexan consideradas como de necesaria atención.
- Aplicación dunha serie de probas de "diagnóstico" ao comenzo de curso. (1º trimestre).

### Obxectivo II: Dar resposta ás necesidades de orientación persoal, educativa e profesional do alumnado e familias do centro.

- Axuda na transición de ciclo, curso ou etapa. (3º trimestre).
- Asesoramento ao alumnado e ás familias. (todo o curso).
- Colaborar cos titores na orientación persoal, educativa... do alumnado. (todo o curso).

## Obxectivo III. Asesorar nos proxectos e plans que se desenvolvan no centro e entren dentro do ámbito das súas funcións.

- Participación na organización e funcionamento da CCP. (todo o curso).
- Plan de acción titorial. (todo o curso).
- Participación e asesoramento na revisión, se procede, do PD e do PE. (todo o curso).
- Asesoramento na elaboración e posta en práctica de proxectos de mellora: conductuais, de escritura, de lectura...
- Programa de valores, solidariedade, igualdade, aceptación...(todo o curso).
- Programa de mellora da composición escrita. Colaborarase cos titores. (todo o curso).
- Colaboración e potenciación en programas que fomenten a lectura, hábito lector, interese pola lectura...
- Técnicas de estudo.

## Obxectivo IV: Establecer relacións con outros servizos concurrentes:

- Establecer contactos co CPI O Cruce, ao que estamos adscritos, para facer un seguimento dos nosos antigos alumnos, así como poder establecer liñas de actuación e coordinación para facilitar o paso do noso centro ao centro adscrito. (todo o curso).
- Servizos sociais. (todo o curso).
- Calquera outro que se considere necesario.

# III.- ORGANIZACIÓN DAS INTERVENCIÓNS.

Nas horas de reunión do departamento de orientación, as intervencións serán planificadas de forma consensuada e serán priorizadas e abordadas coa suficiente antelación, tendo en conta as demandas recibidas.

## IV.- CRITERIOS E ESTRATEXIAS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE TRABALLO.

O presente plan de traballo valorarase trimestralmente e os axentes implicados serán: o departamento de orientación e a CCP.

Os instrumentos a utilizar serán: actas de reunións, instrumentos elaborados a tal fin...

A finalidade desta avaliación será detectar os avances, correxir as dificultades e elaborar propostas de mellora do plan de traballo, para o presente curso.

A XEFA DO DEPARTAMENTO:
Asdo: Mª JESÚS DÍAZ RODRÍGUEZ

## 7.- ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

O plano da estrutura orgánica descríbese no ANEXO VII.

A adscrición horaria do profesorado desglósase no ANEXO VIII.

## 7.1.-ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO

## CONSELLO ESCOLAR

Presidente:
José Domínguez Caballero.
Secretaria:
Lucía Doval Sánchez.
Representante do Concello:
Catrina Queijo García.
Representantes dos Pais:
Dolores Rama García, María del Carmen Bello Becerra, María del Mar García Pombo.
Profesorea:
María Teresa del Río Boquete, Nieves Rubio Fernández, Silvia Betanzos Tajes.

## CLAUSTRO DE PROFESORES COA ADSCRICIÓN PARA O PRESENTE CURSO

Ana María Vázquez Fraga.
Especialidade: Educación Infantil.
Imparte:

- 4º e 5º Nivel de Educación Infantil.
- Apoio en 1º Primaria

Monserrat Marín Villaverde.
Especialidade: Educación Infantil.
Imparte:
- 3º e 4º Nivel de Educación Infantil.
- Apoio en 1º e 4º de Primaria

Concepción Viña de la Iglesia.
Especialidade: Filoloxía Francesa.
Imparte:
- 1º de Primaria.
- Apoios en 2º e 4º de Primaria

Mariña García San León.
Especialidade: Educación Primaria.
Imparte:
- 2º de Primaria.
- Plurinfantil en 4/5 anos
- Apoios en 1º de Primaria

Francisco Varela Domínguez.
Especialidade: Educación Primaria.
Imparte:
- 3º de Primaria.
- Apoio en 2º de Primaria

Lucía Doval Sánchez
Especialidade: Educación Primaria
Imparte:
- 4º de Primaria.

Carina Señarís Pombo.
Especialidade: Educación Primaria.
Imparte:
- 5º Primaria.
- Psicomotricidade en Educación Infantil.
- Apoios en 2º e 3º de Primaria

Silvia Betanzos Tajes.
Especialidade: Educación Primaria.
Imparte:

- 6º de Primaria.
- Plástica en seis sesións plurilingües nos grupos de Educación Primaria.
- Pluriinfantil en Educación Infantil de 4/5 anos.

Nieves Rubio Fernández.
Especialidade: Filoloxía Inglesa.
Imparte:

- Inglés en Educación Infantil.
- Inglés en Educación Primaria.
- Apoio en Plurinfantil
- Apoio en 1º e 4º Primaria

Sara Casal Varela.
Especialidades: Educación Musical
Imparte:
- Música e Danza nos 6 cursos de Educación Primaria.
- Música e Danza en Educación Infantil.
- Proxecto Competencial en 4/5 anos de Educación Infantil.
- Proxecto Competencial en 2º curso de Educación Primaria.
- Matemáticas , Ciencias da Natureza e Proxecto Competencial en 6º de Educación Primaria.
- Apoio en 1º e 4º de Primaria

Bruno López Ferro.
Especialidade: Pedagoxía Terapéutica.
Imparte:
- Pedagoxía Terapéutica en todos os niveis.

Beatriz Rejo Arcos.
Especialidade: Audición e Linguaxe.
Imparte: Audición e Linguaxe en todos os niveis.

Mª Teresa del Río Boquete.
Especialidade: Relixión Católica.
Imparte:
- Relixión en Educación Infantil e en Educación Primaria.

José Domínguez Caballero.
Especialidade: Educación Física.
Imparte:
- Educación Física en Educación Primaria.
- Apoio en 3º de Primaria

María Jesús Díaz Rodríguez. (Con centro base no CPI Purilingüe O Cruce)
Especialidade: Orientadora.

**Calendario de reunións.**

Celebraranse todas as reunións estipuladas pola Consellaría de acordo co Decreto 374/1996 do 17 de outubro, DOG 7/11/96 e a Orde do 22 de xullo de 1997, DOG 02/09/1997.

As reunións do Consello e do Claustro terán lugar os luns en horario de 17,00 a 18,00 horas, podendo sufrir variacións atendendo ás necesidades específicas da maioria dos membros que así o solicitasen e, especialmente, do sector de pais/nais de cara a facilitar a súa asistencia se esta fose presencial.

De non ser suficiente o tempo para rematar a orde do día continuarase en días sucesivos ata finalizala.

Para os Consellos Escolares Extraordinarios e os non presenciais, poderá variarse o horario.

## 7.2.- ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO

Director:
José Domínguez Caballero

Secretaria:
Lucía Doval Sánchez

Xefa de Estudios:
Silvia Betanzos Tajes

Calendario de reunións

O Equipo Directivo reunirase, para coordinar as súas funcións, os xoves lectivos ás partir ás 09,45 horas. Reunirase, así mesmo, cantas veces fose preciso para dinamizar as actividades do Centro.

## 7.3.- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

O calendario-resumo das reunións dos distintos equipos aparece recollido no ANEXO IX.

### 7.3.1- EQUIPOS DE CICLO

| | |
|---|---|
| Educación Infantil | Ana María Vázquez Fraga (Coordinadora)<br>Monserrat Marín Villaverde |
| 1º e 2º de Primaria | Concepción Viña de la Iglesia<br>Mariña García San León (Coordinadora) |
| 3º e 4º de Primaria | Francisco Varela Domínguez<br>Lucía Doval Sánchez (Coordinadora) |
| 5º e 6º de Primaria | Carina Señarís Pombo<br>Silvia Betanzos Tajes (Coordinadora) |

Calendario de reunións

As reunións de Equipos Docentes ou de Nivel terán carácter mensual e celebraranse os primeiros luns de cada mes, trasladándose ao día seguinte de coincidir cunha data non lectiva. Nas mesmas participarán, ademais dos titores, os demais mestres que imparten docencia nos respectivos cursos.

### 7.3.2- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

| | |
|---|---|
| Presidente | José Domínguez Caballero |
| Coordinadora Educación Infantil | Ana María Vázquez Fraga |
| Mestres/as de Educación Primaria | Mariña García San León<br>Lucía Doval Sánchez<br>Silvia Betanzos Tajes |
| Mestres de Pedagoxía Terapéutica e de Audición e Linguaxe | Bruno López Ferro<br>Beatriz Rejo Arcos |
| Responsable de Dinamización de Biblioteca | María Teresa del Río Boquete |
| Coordinador do Equipo Dinamización L.G. | Mariña García San León |

| | | |
|---|---|---|
| SECRETARIA | → | Beatriz Rejo Arcos |

Calendario de reunións

As reunións terán carácter mensual e celebraranse os terceiros luns de cada mes, trasladándose ao dia seguinte de coincidir cunha data non lectiva.

O obxectivo desta Comisión será a coordinación de todos os Equipos de Ciclo ou Nivel, a revisión dos criterios de avaliación para Educación Infantil e Primaria e a colaboración no estudo e desenvolvemento dos currículos e proxectos.

## 7.3.3- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

| | |
|---|---|
| Educación Infantil | Ana María Vázquez Fraga |
| 1º Ciclo de Educación Primaria | Mariña García San León |
| 2º Ciclo de Educación Primaria | Lucía García San León |
| 3º Ciclo de Educación Primaria | Silvia Betanzos Tajes |
| COORDINADORA → | Mariña García San León |

Calendario de reunións

As reunións serán mensuais e terán lugar os segundos luns de cada mes, trasladándose ao día seguinte de coincidir cunha data non lectiva.

## 7.3.4- EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

| | |
|---|---|
| Colaboradores | Silvia Betanzos Tajes<br>Lucía Doval Sánchez<br>Concepción Viña de la Iglesia<br>Mariña García San León<br>Monserrat Marín Villaverde |
| COORDINADORA → | María Teresa del Río Boquete |

Calendario de reunións

As reunións realizaranse, como mínimo, con periodicidade trimestral. Dúas reunións extraordinarias terán lugar ao comenzo e ao remate do curso escolar.

## 7.4.- TITORÍAS

| | |
|---|---|
| Educación Infantil 4º e 5º nivel | Monserrat Martín Villaverde |
| Educación Infantil 5º e 6º nivel | Ana María Vázquez Fraga |
| 1º Curso de Educación Primaria | Concepción Viña de la Iglesia |
| 2º Curso de Educación Primaria | Mariña García San León |
| 3º Curso de Educación Primaria | Francisco Varela Domínguez |
| 4º Curso de Educación Primaria | Lucía Doval Sánchez |
| 5º Curso de Educación Primaria | Carina Señarís Pombo |
| 6º Curso de Educación Primaria | Silvia Betanzos Tajes |

## 7.5.- EQUIPO DA BIBLIOTECA

| | |
|---|---|
| Colaboradores | Silvia Betanzos Tajes<br>Lucía Doval Sánchez (responsable do blog)<br>Mariña García San León<br>Monserrat Marín Villaverde<br>Concepción Viña de la Iglesia |
| COORDINADORA → | María Teresa del Río Boquete |

## 7.6.- EQUIPO DE NOVAS TECNOLOXÍAS

| | |
|---|---|
| Colaborador | Concepción Viña de la Iglesia |
| COORDINADOR → | Silvia Betanzos Tajes |

# 8.- XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO

O centro conta con xornada continuada de mañá de 8,45 a 13,45 horas. A exclusiva terá lugar os luns, tal como consta no proxecto pedagóxico didáctico aprobado pola Xefatura Territorial da Coruña.

Os discentes de Educación Infantil de 3 anos incorporaranse progresivamente no mes de setembro, salvo circunstancias excepcionais de conciliación familiar, segundo o programado no Período de Adaptación para estes alumnos, tendo en conta que dito período non se poderá prolongar máis ala do 15 de setembro de 2023 tal como se indica na Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o Calendario Escolar para o curso 2023/2024 (DOG do 16/05/2023).

A distribución de horarios de cada grupo, horario de gardas, así como o horario do Equipo Directivo inclúense no ANEXO X.

O calendario escolar para o curso 2023/2024 aparece recollido no ANEXO XI.

Días que se solicitan á Administración como non lectivos, por motivos de tradición:

- 13 de outubro de 2023
- 20 de maio de 2024

## 9.- VIXILANCIA DOS RECREOS E DO TRANSPORTE

Haberá dous recreos de 15 minutos para cada grupo coa seguinte temporalización:

- 1º recreo: de 10,45 a 11,00 horas.
- 2º recreo: de 12,40 a 12,55 horas.

A saída do trasporte estará supervisada polos mestres de garda de tarde, que faranse cargo do alumnado cando remate a vixilancia do servizo complementario de comedor escolar.

Tal como se indica no artigo 3.2 da Orde do 23 de xuño de 2011 (DOG do 30), pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes, computarán como horario lectivo as gardas para custodiar ao alumnado no período de tempo que transcorre desde a chegada do alumnado transportado e o inicio da actividade lectiva e desde que rematan as actividades escolares ata a saída do transporte escolar

Como consecuencia do exposto, ditos tempos de garda veranse compensados no resto do horario lectivo de cara a que todo o profesorado imparta 25 horas lectivas semanais tal como se indica no artigo 3.1 da citada Orde.

## 10.- FORMACIÓN DO PROFESORADO

O profesorado asiste de xeito habitual, e ao longo do curso escolar, a múltiples actividades de formación levadas a cabo por organismos e entidades entre as que destacan o Centro de Formación e Recursos, a Escola de Idiomas e diversas organizacións sindicais.

## 11.- PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

O centro desenvolve, no presente curso académico, os seguintes proxectos:

- Proxecto de Dinamización da Biblioteca Escolar.
- Proxecto Atrévete.
- Plurilingüismo: O alumnado de todos os cursos de Educación Primaria, está integrado na rede de centros plurilingües e se lle impartirá a materia de plástica en inglés.
  Tal como se establece no artigo 7 da Resolución do 12 de abril de 2017, os centros plurilingües establecerán na súa PXA os procesos de seguimento e avaliación dos programas plurilingües que

permitan valorar os resultados obtidos e establecer, cando cumpra, propostas de mellora que deberán reflectirse na memoria anual final.

Tendo en conta dito punto, semanalmente reunirase a coordinadora de inglés, a auxiliar de conversa e a docente responsable das seccións bilingües e da materia de plástica plurilingüe, de cara a supervisar o funcionamento, proponer liñas de actuación, diagnosticar aspectos de mellora e avaliar o proceso de aprendizaxe do alumnado.

- Pluriinfantil: As dúas docentes implicadas, xunto coa auxiliar de conversa e a coordinadora de inglés, reuniranse con carácter semanal, coa mesma finalidade establecida no parágrafo anterior.

## 12.- PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

A addenda ao Proxecto Lingüístico foi aprobada polo Claustro e polo Consello Escolar .

## 13.- LIBROS E MATERIAIS

A lista de libros e materiais curriculares exponse no taboleiro de anuncios do centro antes do 15 de xuño. Alén diso, informouse ás familias sobre os sistemas de axudas e fondos para a adquisición de libros de texto.

## 14.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

Durante o curso, intentaremos levar a cabo un simulacro de evacuación en colaboración co Consorcio Provincial de Bombeiros, CAE 112, Protección Civil e Policía Local de Cerceda. Ainda que todo está supeditado á continuidade do consorcio de Bombeiros de Ordes.

O Plan de Autoprotección, adecuado á nova normativa, foi aprobado polo Consello Escolar na reunión do 23 de setembro de 2013 procedendo a dalo de alta no REGAPE e remitindo unha copia ao servizo de inspección educativa.

## 15.- PERSOAL NON DOCENTE

Rosa Iglesias Castiñeiras: ten asignada a limpeza das aulas, aseos, corredores, dirección, secretaría, entrada, biblioteca e patio de recreo.

Realiza o seu traballo logo de rematada a xornada escolar.

A limpeza da cociña, comedor escolar e dependencias do mesmo realíza a empresa hosteleira JARDANAY, concesionaria da prestación do servizo de comedor escolar.

Alberto Bertua Fernández: é o conserxe e realiza as tarefas que lle son propias. Permanece no Centro desde media hora antes de comenzar a xornada escolar ata rematar a mesma.

Jesús Ignacio García Mateo: pertence á categoría de coidador/auxiliar.

Amelia Ellen Boatwright: auxiliar de conversa.

## 16.- RELACIÓNS COA COMUNIDADE E FAMILIAS

Manteremos contactos puntuais, ao longo do curso, co CPI O Cruce, sobre todo de cara á incorporación nese centro do alumnado que remata a Educación Primaria.

O horario de atención aos pais, por parte do profesorado, terá lugar os luns lectivos de 16,00 a 17,00 horas, previa petición das familias ou citación dos profesores especialistas e/ou tiores/as.

As datas das reuniónss iniciais coas nais e pais de alumnos son as seguintes:

- 4º/5º de Educación Infantil: Xoves 7 de setembro- 11:00h
- 5º/6º de Educación Infantil: Venres 8 de setembro- 12:00h
- 1º de Educación Primaria: Venres 8 de setembro- 11:30 h
- 2º de Educación Primaria: Venres 8 de setembro- 11:00 h
- 3º de Educación Primaria: Venres 8 de setembro- 11:00 h
- 4º de Educación Primaria: Venres 8 de setembro- 10:00 h
- 5º de Educación Primaria: Venres 8 de setembro- 12:00 h
- 6º de Educación Primaria: Luns 2 de outubro- 15:30 h

Nalgunhas convocatorias específicas de Educación Primaria, debido a que teñen lugar na mesma data, consensúasen os horarios de cara a que aquelas familias que teñan escolarizados fillos en distintos niveis poidan compatibilizar a asistencia ás mesmas.

Alén das estipuladas realizaranse todas as reunións, coas familias, que o profesorado estime oportunas por ciclo e/ou por nivel.

# 17.- PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLO CONCELLO E POLA ANPA

O Concello de Cerceda, a ANPA e o clube Atlética A Silva, serán os responsables das actividades extraescolares do Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro para o vindeiro curso escolar 2023/2024, que ten previsto realizar as seguintes actividades:

-Balonmán (Concello)

-Atletismo (Atlética A Silva)

-ANPA (Pequebaile e barallando incorporar teatro)

ACTVIDADES COORDINADAS POLA ANPA ACTIVIDADES XERAIS PREVISTAS:

- ☐ Campamento de Nadal.
- ☐ Campamento de verán.
- ☐ Actuación teatral cofinanciada pola rede cultural.
- ☐ Obradoiros de entroido.
- ☐ Obradoiros de igualdade para alumnado e familias.
- ☐ Escola de nais e pais.

- Talleres de elaboración de produtos do invernadoiro.
- Cultivo no invernadoiro.
- Colaboración na excursión de fin de curso.
- Organización festa de fin de curso.

# 18.- ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS ESPAZOS

As aulas de infantil e primaria, aínda que non se atopan correlativas aos cursos por motivos de organización espacial, están ubicadas no mesmo corredor principal.

### Biblioteca e Audiovisuais:

Comparten o mesmo espazo. O seu emprego faise seguindo un horario consensuado polo profesorado. A Biblioteca está a disposición do alumnado do Centro ao longo da xornada escolar, podendo empregarse tamén o servizo de préstamo de libros a partir das bibliotecas de aula.

### Ximnasio:

Situado fronte ao edificio que alberga as aulas, está dotado dun almacén deportivo no que se garda o material de Educación Física e Psicomotricidade, e doutro pequeno habitáculo que serve de almacén da documentación histórica.

Na parte esquerda do edificio do ximnasio atópase o almacén de material escolar que alberga material de reprografía, fotocopiadora, plastificadora, guillotina...

### A antiga vivenda do conserxe:

Está distribuída como segue:

- Aula de apoio ao alumnado con Necesidades Educativas Específicas de AL.
- Aula de apoio ao alumnado con Necesidade Educativas Específicas de PT.
- Almacén de mobiliario e produtos de limpeza.

## 18.1.- HORARIO DE AUDIOVISUAIS E BIBLIOTECA

O horario de utilización de audiovisuais e biblioteca estará a disposición do profesorado no taboleiro da sala de profesores. Os mestres interesados en facer algunha reserva deberán facelo constar coa antelación suficiente tendo en conta os días e horas xa ocupados.

A mestra encargada da Biblioteca: María Teresa del Río Boquete disporá de dúas horas semanais de dedicación para actividades de mantemento, programas e catalogación.

O servizo de préstamos e devolucións será realizado, a través da programación informática MEIGA, pola responsable da biblioteca en infantil e primaria.

Polas tardes permanecerá aberta a biblioteca, para o alumnado, desde as 15,00 ás 17,00 horas tal como se reflicta no proxecto pedagóxico do centro.

# 19.- PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

Tal como figura no PE e nas NOF en referencia á utilización das dependencias do Centro para outras actividades, cabe sinalar que o centro está a disposición de toda a Comunidade Educativa e de calquera tipo de asociación cultural e ou deportiva que solicite formalmente algunha dependencia do mesmo, despois de acadar o correspondente permiso da Xefatura Territorial, e previo compromiso asinado de responsabilizarse dos posibles danos, gastos e prexuizos que poideren ocasionarse no centro, así como da responsabilidade civil que poidese derivarse de calquera incidencia que tivese lugar durante o desenvolvemento da actividade autorizada.

# 20.- SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS

## 20.1.- COMEDOR ESCOLAR

- SERVIZO DE COMEDOR:
  - JARDANAY
- RÉXIME DE FUNCIONAMENTO
  - Xestión indirecta mediante a contratación pública do servizo a unha empresa do sector.
- SUPERFICIE COMEDOR:
  - 114 metros cadrados (sen contar cociña).
- TIPO DE COMEDOR E NÚMERO DE COMENSAIS:
  - Tipo A. o Número de usuarios: 76.
- PERSOAL DOCENTE COLABORADOR:
  - Ningún.
- REGULAMENTO DE COMEDOR:
  - As normas de funcionamento forman parte do NOF.
- DISTRIBUCIÓN DAS DEPENDENCIAS:
  - Cociña, despensa, ducha, servizo, vestidor e comedor.
- PERÍODO DE FUNCIONAMENTO:
  - 176 días.

O Consello Escolar determinará, seguindo as normas da Consellaría, quen pode empregar o devandito servizo e mesmo poderá ditar en todo momento as normas que estime pertinentes encamiñadas a conservar tanto a orde como a corrección deste servizo, reservándose a facultade de controlar a calidade, peso e bo estado dos alimentos, así como a hixiene, limpeza e orde das dependencias e servizos.

O Consello Escolar cede ao adxudicatario o uso da cociña co necesario mobiliario, instalacións e menaxe.

O adxudicatario comprométese a manter o recibido en perfecto estado de conservación, correndo pola súa conta as reposicións, asi como as limpezas dos locais e a eliminación de residuos alimentarios.

A empresa adxudicataria poderá completar as instalacións cos aparellos e mobles que estime necesarios tendo en conta que, antes de proceder á súa instalación, deberá solicitar e obter a oportuna autorización da dirección do Centro.

A empresa facturará mensualmente os servizos prestados por meses vencidos.

Tal como se recolle no apartado 3.1 do punto 3 do prego de prescricións técnicas que rexen os contratos de prestación do servizo de comedor nos centros docentes públicos da Comunidade Autónoma galega dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a lista mensual de menús que presentará a empresa á aprobación do Consello Escolar, deberá incluír como mínimo 10 menús ordinarios, que se servirán de xeito que ningún deles se repita ata non ter servido os nove restantes. Dita lista poderá presentarse unha soa vez para todo o curso escolar, por mes ou por trimestres.

A empresa está obrigada a servir os menús de réxime que se precisen, indicados pola Dirección do Centro, para atender aqueles supostos en que, mediante correspondente certificado médico, se acredite a imposibilidade de inxerir determinados alimentos que perxudicaren a saúde dalgún comensal.

A Administración resérvase o dereito de efectuar todas aquelas comprobacións que estime oportunas da calidade dos produtos suministrados. A estes efectos, o director do centro poderá efectuar, en calquera momento durante o proceso de elaboración, e sen previo aviso, o control das materias primas e das comidas elaboradas.

A empresa obrígase a respectar, en todo momento, as disposicións legais vixentes tanto en materia educativa como laboral, sanitaria e bromatolóxica referente a comedores escolares, sendo responsable de toda a problemática que poida xerar a súa actuación no comedor en calquera momento e en calquera destes aspectos.

## 20.2.- TRANSPORTE ESCOLAR

O protocolo de funcionamento atópase incluído no NOF.

As empresas que realizan o servizo de transporte son ASICASA 2 autobuses e MEIJIDE 1 autobús.

O horario de acceso ao colexio por parte do alumnado bolseiro de transporte, terá lugar dez minutos antes da hora prefixada de comezo das clases debido á falta de profesores, en períodos anteriores, para realizar a vixilancia pertinente.

O alumnado de maior idade acompañará aos máis pequenos ata que estes sexan recollidos polos acompañantes de cada autobús escolar supervisados e controlados, en todo momento, polos mestres de garda

A lista estatística de transporte aparece recollida no ANEXO XII.

# 21.- PROXECTOS DE TRABALLO

## 21.1.- EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Intentaranse realizar todas as saídas propostas polos Equipos Docentes (visitas culturais, traballos de campo etc.) e dentro do horario escolar a ser posible.

Potenciarase a participación do alumnado en concursos literarios e artísticos.

A Dirección apoiará calquera actividade proposta por un profesor ou profesora a través dos Equipos de Docentes, sempre que sexa viable a súa realización.

Realizaranse as commemoracións institucionalizadas e que figuran na Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 (DOG 16 de maio de 2023), alén das festas tradicionais:

- Festa de Outono.
- Nadal.
- Entroido.
- Día da Paz.
- Día do Libro.
- Letras Galegas.
- Festa de fin de curso.

Estas celebracións faranse nun dobre plano: a nivel de aula e a nivel colectivo de centro. Para acadar un mellor resultado intentaranse consensuar todas as ideas para realizar as actividades de forma coordinada. As visitas e actividades didácticas programadas e/ou confirmadas ata o momento, son as seguintes:

- Visitas polo contorno próximo.
- Asistencia a concertos didácticos con data todavía sen definir.
- Participación do alumnado de 5º e 6º de primaria en dúas atividades formativas para os dous derradeiros trimestres, dentro do Plan Director.
- Participación do alumnado de 5º e 6º de primaria no Programa Atrévete.

- O 21 de decembro terá lugar o Festival de Nadal.
- 21 de xuño: Festa de fin de curso.

Alén das saídas complementarias e extraescolares sinaladas na Programación Xeral para o curso escolar, faranse todas aquelas que se consideraren necesarias, tendo en conta o orzamento e as necesidades do alumnado do Centro.

## 21.2.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

A Dinamización Lingüística é un proceso complexo e dinámico que precisa fixar uns obxectivos concretos, deseñar un conxunto de accións interrelacionadas e facer balance do desenvolvemento de ditas accións e o grao de consecución dos obxectivos. Todo isto coa perspectiva dun cambio progresivo da situación da lingua galega cara á súa plena normalización.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilingüismo proclama que as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade, de aí a necesidade de contar co Proxecto Lingüístico de Centro.

Non debemos esquecer a importancia da necesidade de fomentar unha actitude positiva, tanto do profesorado como do alumnado, cara a nosa lingua, así como a riqueza formativa que supón para todo o colectivo a aprendizaxe e uso do galego.

O futuro da nosa lingua fai necesario o desenvolvemento de actividades cuxo fin sexa o coñecemento, respecto e potenciación da lingua galega nos centros (art 11º).
Todo o dito anteriormente implica a organización por parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, de programas e actividades en galego que teñan como finalidade o fomento do uso da lingua propia de Galicia entre os distintos compoñentes da comunidade educativa do centro.

O equipo Dinamización da Lingua Galega levará a cabo unha avaliación formativa durante todo o proceso, tanto das actividades programadas, como da súa propia actuación co obxectivo de mellorar na medida do posíble o seu funcionamento e realizar os cambios pertinentes cando se considere necesario.

Obxectivos para o presente curso escolar

- Continuar o seguimento da reportaxe gráfica das festas e actividades escolares.
- Participar na elaboración do xornal, en formato dixital, que publicaremos co motivo do Día das Letras Galegas.
- Potenciar o uso da Lingua Galega en todos os eidos.
- Elaborar unha relación de libros de lectura en galego da Biblioteca do centro por niveis.

- Velar polo cumprimento dos aspectos referenciais especificados no Decreto 79/2010 , do 20 de maio para o plurilingüismo.

- Colaborar no Proxecto de Dinamización da Biblioteca Escolar que dirixe a mestra María Teresa del Río Boquete.

- Velar polo cumprimento do Proxecto Lingüístico do Centro, así como dos aspectos engadidos na addenda anual.

Descrición das actividades a desenvolver

## CONFECCIÓN DO XORNAL ESCOLAR

## ACTIVIDADES

- Continuar coa elaboración de traballos relacionados co vocabulario a través do emprego da prensa escrita.
- Seleccionar lecturas axeitadas aos seus propios centros de interese.
- Confeccionar traballos relacionados coas diversas conmemoracións que teñen lugar ao longo do curso.
- Participación activa nos distintos procesos de elaboración e confección do xornal escolar, en formato dixital, que publicaremos co motivo do Día das letras Galegas.
- Elaboración e reparto de material sobre a figura da autora Luísa Villalta á que no ano 2024 adicará o Día das Letras Galegas a Real Academia Galega.

## REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

## ACTIVIDADES

- Continuar o seguimento das festas e das actividades complementarias mediante unha reportaxe gráfica con textos de apoio.
- Exposición de carteis e murais relacionados coas festas tradicionais: FESTA DE OUTONO, NADAL, DÍA DA PAZ, ENTROIDO, DÍA DAS LETRAS GALEGAS...

## AMPLIACIÓN DOS RECURSOS DE BIBLIOTECA, AUDIOVISUAIS E ELECTRÓNICOS

## ACTIVIDADES

- Continuar a actualización de libros en galego para completar tanto a biblioteca do centro como as específicas de aula.
- Elaboración de marcapáxinas con lemas relativos á Lingua Galega.
- Elaboración de trípticos recomendando a lectura de libros en galego establecidos por idades.
- Adquisición de materiais audiovisuais e en soporte electrónico en galego.

## FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA COMO LINGUA VEHICULAR DE COMUNICACIÓN NO CENTRO

## ACTIVIDADES

-  Empregar a Lingua Galega en todos os documentos do centro.
-  A Lingua Galega será empregada como medio de comunicación verbal, de xeito xeral, nos distintos tipos de reunión e conmemoracións.

## 21.3.- EQUIPO DE BIBLIOTECA

Obxectivos xerais

-  Participar na elaboración do Plan Lector.
-  Fomentar o hábito lector.
-  Que o alumnado adquira o gusto pola lectura e así poder mellorar a súa expresión oral e escrita.
-  Facilitar o acceso á información e recursos para a aprendizaxe das diversas áreas do currículo.
-  Permitir ao alumnado o emprego de múltiples recursos que lle faciliten unha progresiva autonomía na aprendizaxe.
-  Ofrecer a posibilidade de acceso igualitario aos bens culturais actuando como axente de compensación social.
-  Colaborar coa Biblioteca Municipal a través de actividades colaborativas.

Obxectivos específicos para o presente curso escolar

-  Facer unha proposta de Plan Lector para presentar ao Claustro.
-  Catalogar os fondos.
-  Realizar un expurgo minucioso na biblioteca do centro, así como unha redistribución dos exemplares por niveis para unha mellor localización dos mesmos por parte dos lectores.
-  Conseguir transmitir aos pais a idea de que a lectura dos nenos se enriquece cando se conta coa complicidade dun adulto que comparta os seus descubrimentos e as súas fantasías con cercanía e afecto (nenos de Educación Infantil e 1º e 2º de Primaria).
-  Dedicar un tempo diario (aula) e semanal (biblioteca) ao hábito da lectura.
-  Inculcar hábitos de respecto e saber estar nunha biblioteca.
-  Divulgar un decálogo cos dereitos do lector.
-  Formar a grupos de alumnos de 6º de Primaria no referente ao funcionamento básico dunha biblioteca.

Necesidades de renovación

-  Aportar novidades aos fondos de lectura infantil e xuvenil.

Fomento da lectura

-  Realizar, canda menos, unha campaña de animación á lectura ao longo do curso, que neste caso basearase no centro de interese "ANIMALANDIA".

A campaña levará implícitas as seguintes liñas de actuación:

- Empregar as TICs para a busca dos contos elixidos e a súa posta en escea cinematográfica.
- Contacontos dramatizados por parte dos alumnos.
- Levaremos a cabo exposicións sobre o núcleo temático.
- Elaboración de materiais diversos e divulgación dos mesmos.
- Manterase a actividade das lecturas apadriñadas.

## 21.4.- EQUIPO DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Desde hai varios cursos veñen realizándose no noso centro diversas actividades e actuacións con respecto ao uso das TIC.

O principal problema para o desenvolvemento do Plan Dixital de Centro estriba na falta de dispoñibilidade horaria por parte dos docentes para realizar as tarefas que deben desenvolver. O apoio ao profesorado que demanda axuda cos equipos informáticos ocupa máis tempo do que se dispón: pequenas incidencias cos PC, problemas coa xestión do correo electrónico, actualización da páxina web..., son tarefas que requiren unha atención rápida das persoas que non dispoñen apenas de horario para estes cometidos.

De todos os xeitos, intentaremos levar a cabo os obxectivos marcados no PLAN DIXITAL aprobado no Consellllo Escolar do 28 de xuño de 2022 así como a realización temporalizada das seguintes tarefas:

- Apoio técnico ao Equipo da Biblioteca.
- Actualización da páxina web.
- Mantemento xeral de equipos.
- Empregar o correo electrónico do profesorado como medio de comunicación imediata con respecto ás informacións tanto de carácter sindical como profesional.
- Procurarase realizar um grupo de traballo de formación dirixido ao profesorado, sobre os seguintes aspectos:
    - Manexo dos paneis dixitais.
    - E-dixgal
    - Descarga de información.
    - Manexo da aplicación PROENS.

## 21.5.- EDUCACIÓN INFANTIL

A Educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.

- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo.
- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Actividades para a consecución destes obxectivos

- Programacións Didácticas de Ciclo.
- Observación da aula e da escola.
- Exploración e experimentación corporal.
- Realizar autonomamente as súas necesidades básicas: hixiene, alimentación etc.
- Fomentar actividades de limpeza, aseo, orde…
- Participación en diversas actividades colectivas a realizar no centro, así como nas visitas e excursións programadas.

## 21.6.- EDUCACIÓN PRIMARIA

Os obxectivos da educación primaria estarán encamiñados á adquisición, por parte de todo o alumnado, das capacidades que lles permitan:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia e aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.

- Coñecer, comprender e respectar as diferencias entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidades.

- Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

- Adquirir en, polo menos una lingua estranxeira, a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicalos ás distintas situacións da súa vida cotiá.

- Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e sociedade galegas.

- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.

- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.

- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

- Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

- Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

Actividades para a consecución destes obxectivos

- Aplicación das unidades didácticas programadas ou elaboradas polo profesorado.
- Especial incidencia en actividades de comprensión lectora para conseguir que a lectura sexa fonte de pracer e información.
- Acudir aos medios de comunicación de Cerceda para difundir noticias de interese local, de impacto medioambiental etc...
- Visitas a lugares concretos do seu contorno próximo.
- Participación activa no coidado do contorno (recollida de papel, plantación de árbores...)
- Lectura e comentario de noticias de actualidade a través de libros e películas con diferentes finalidades: información, estudo, diversión etc.
- Adoptar hábitos de hixiene, de alimentación, posición etc. manifestando unha actitude responsábel cara o seu propio corpo e relacionando estes hábitos cos efectos beneficiosos sobre a saúde.
- Realización de traballos en grupos e participación en actividades colectivas.
- Exposición de traballos realizados polos alumnos e alumnas.
- Fomentar o traballo en equipo, a convivencia harmónica e o respecto cara a todos os membros da Comunidade Educativa.
- Potenciar hábitos de orde e traballo.
- Perfeccionar as destrezas e desenvolver técnicas de estudo.
- Seguir potenciando o interese pola lectura e a creatividade.
- Profundizar no coñecemento de linguas estranxeiras (inglés).
- Concienciar da necesidade de perfeccionar a lingua escrita como medio de comunicación.
- Adquirir os conceptos e técnicas básicas do razoamento matemático.
- Integrar os temas transversais e a educación en valores na realidade da aula.

- Introducir as novas tecnoloxías no traballo de aula.
- Aplicar os medios informáticos no desenvolvemento do currículo.
- Elaboración de material didáctico específico.
- Confección de materiais que conciencien ao alumnado da necesidade do coidado das instalacións do centro.
- Funcionamento das bibliotecas de aula.
- Saídas, xornadas de convivencia e actividades en gran grupo para fomentar a convivencia interciclos e intercursos.

## 22.- PRESENTACIÓN, AVALIACIÓN, APROBACIÓN E REMISIÓN DA PXA

A aprobación da Programación Xeral do centro será realizada polo Consello Escolar, sen prexuízo das competencias do Claustro de Profesores, en relación coa planificación e organización docentes, tal como se recolle no Decreto 374/1996 e no Título V, capítulo III, artigo 127 da LOE.

Procédese á súa remisión ao Servizo de Inspección Educativa nos prazos estabrecidos.

A presente Programación Xeral Anual foi elaborada polo Equipo Directivo coas aportacións e suxestións do Claustro de Profesores e o Consello Escolar avaliándose e aprobándose positivamente polo Consello Escolar na reunión celebrada o día 02 de outubro de 2023.

O DIRECTOR E PRESIDENTE DO CONSELLO ESCOLAR

Asdo: José Domínguez Caballero

# ANEXO I

## 1. INTRODUCIÓN

A familia e a escola son os primeiros ámbitos de socialización e de construción dunha cultura que pode cambiar ou perpetuar formas de pensamento e de acción social.

Os pais e os profesores son decisivos para a transmisión de valores de respecto, tolerancia e igualdade entre homes e mulleres. Tamén desempeñan un papel importante na compensación de desigualdades: e entre elas, as que proveñen de prexuízos sexistas e que poden incidir no desenvolvemento de nenos e nenas desde os seus primeiros anos.

Debido a que familia e escola proporcionan modelos de conduta, a sociedade pide a toda a comunidade educativa a súa participación activa na transmisión dunha cultura que promova a igualdade de dereitos, o respecto e a colaboración.

Desde a escola débese desenvolver unha reflexión crítica sobre aqueles aspectos que poden xerar discriminación entre as persoas polo simple feito de ser de distinto sexo.

A sociedade confía no labor da escola nestes asuntos de especial sensibilidade e demanda social.

A educación para a igualdade debe realizarse desde as idades máis temperás, mediante unha aprendizaxe que promova en cada persoa hábitos no persoal e na súa relación cos demais.

A escola pode preparar un itinerario formativo, unha auténtica educación integral, que facilite o desenvolvemento de cada individuo, home ou muller, en todas as súas dimensións, que traballe activamente e de modo transversal para a superación de prexuízos e estereotipos sexistas, sen esquecer que as diferenzas entre os sexos son enriquecedoras e que a igualdade non é a eliminación das diferenzas, senón a eliminación de toda discriminación e desigualdade por mor desas diferenzas.

O obxectivo fundamental da educación é o de proporcionar aos nenos e nenas unha formación plena que lles permita conformar a súa propia e esencial identidade. O papel da escola é esencial na adquisición deste obxectivo.

É importante recoñecer que se queremos un futuro de igualdade de condicións entre homes e mulleres nun mesmo espazo empresarial, político, educativo,… é necesario que desde a comunidade educativa e, sobre todo, desde a nosa actividade como docentes reforcemos o valor da coeducación. O plan de igualdade ten un claro carácter transversal.

Entendemos a igualdade como unha relación de equivalencia, todas as persoas teñen o mesmo valor, e por iso son iguais e por isto trataremos de inculcar no alumnado que: "a igualdade admite diferenzas, pero non desigualdades".

## 2. MARCO LEGAL

O desenvolvemento do Plan de Igualdade é responsabilidade de toda a Comunidade Educativa. A súa elaboración e inclusión no Proxecto Educativo corresponde ao Equipo Directivo co asesoramento do

Claustro, e recollerá as actuacións en materia de igualdade, coeducación e prevención da violencia de xénero a levar a cabo no Centro.

A necesidade e o desexo de construír unha sociedade que avance cara a igualdade está presente en todas as políticas públicas e na lexislación vixente tanto a nivel europeo como estatal ou/e autonómico.

- O principio de Igualdade entre homes e mulleres aparece recollido no artigo 8 do Tratado do Funcionamento da Unión Europea.
- CONSTITUCIÓN (artigos 9.2 e 14).
- ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA (1981). Artigo 4.1.
- LEI 7/2004, do 16 de xullo, galega para a Igualdade de Mulleres e Homes.
- LEY ORGÁNICA 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género.
- LEI ORGÁNICA 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- LEI ORGÁNICA 3/2007 do 22 de marzo. Título IV (artigos 23 e 24), para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes.
- LEI 11/2007, do 27 de xullo, galega para Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero.
- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa.
- LEI 2/2014, do 14 de abril, pola Igualdade de Trato e a Non Discriminación de Lesbianas, Gays, Transexuais, Bisexuais e Intersexuais en Galicia.
- DECRETO LEXISLATIVO 2/2015 de 12 de febreiro. Capítulo IV: A Educación e a Formación para a Igualdade entre Homes e Mulleres.
- DECRETO 8/2015 de 8 de xaneiro: Convivencia e Participación da Comunidade Educativa
- PROTOCOLO EDUCATIVO para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (abril 2016).
- I PLAN DE ACTUACIÓNS para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- LEI 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da Violencia de Xénero.
- DECRETO 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a Violencia de Xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 12 de abril de 2019 pola que se establece o procedemento de recoñecemento e validación previsto no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a Violencia de Xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula o Rexistro de persoal docente acreditado para impartir a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a Violencia de Xénero (códigos de procedemento SI500A e SI500B). (DOG do 7 de maio).
- CIM Mancomunidade de Ordes.
- Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de Plans de Igualdade no curso 2019/2020.

## 3. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

O Equipo Directivo e o Claustro de Profesores/as leva varios anos levando a cabo proxectos educativos (Plan de Convivencia, Proxecto Educativo, Proxecto de Xestión, Programación Xeral…) centrados na necesidade de educar na igualdade de sexos e oportunidades, tal e como esixe e recolle a lei educativa que nos regula, así como a propia Constitución.
A inclusión da coeducación e a convivencia no currículo apóiase en argumentos legais e por razóns de tipo social. Por iso o noso proxecto fundaméntase no marco legal vixente, aludindo a aquela normativa que contempla a coeducación como un alicerce fundamental na nosa sociedade. Coa elaboración deste proxecto no colexio pretendemos dar continuidade ás actuacións realizadas no centro encamiñadas fundamentalmente a consecución desa ansiada "Igualdade".

## 4. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO

Para poder valorar a situación do centro en materia de igualdade necesitamos avaliar o contexto no que se vai a aplicar co obxecto de coñecer a realidade e a partir de aí, plantexarse unha serie de metas e obxectivos a acadar e deseñar as estratexias pertinentes para a súa consecución.

Respecto diso, realizouse unha análise inicial dos comportamentos e das ideas do alumnado de Infantil e Primaria sobre unha serie de parámetros que, ao noso xuízo, nos permitiría decatarnos da realidade do noso centro.

Os instrumentos de análises de ningún xeito poden considerarse como os máis axeitados para este tipo de estudos; con todo, cremos que poden achegar unha serie de datos moi interesantes á hora de definir o estado actual do tema que nos ocupa. Entre estes instrumentos, atópanse as enquisas informais na asemblea de Infantil, as charlas dos titores e especialistas cos alumnos/as dos niveis de Primaria, así como a observación directa do comportamento do alumnado tanto nos períodos lectivos como na hora do recreo…

Da análise dos datos, moitas veces subxectivo, fornecidos por estas sinxelas ferramentas de sondaxe despréndense unha serie de conclusións, aínda que sexamos conscientes da súa relativa validez estatística e científica.

O estudo sustentouse en catro alicerces básicos:

- Nas profesións e o sexo dos que as desempeñan.

No referente aos labores do fogar en Educación Infantil e Primaria non se observan grandes desigualdades de xénero. Por exemplo, cando se lles preguntou pola profesión que lles gustaría desempeñar, hai nenos e nenas que coinciden en querer ser mestres e atopamos nenas que queren ser gandeiras ou condutoras de camións ou grúas como o pai. Non asocian, polo xeral, certas profesións con un sexo de forma exclusiva.

Curiosamente o alumnado de cuarto a sexto de Primaria recoñece que o sexo non é un condicionante para poder desempeñar unha profesión pero as nenas admiten que nunca serían fontaneiras, nin electricistas, nin albaneis, o mesmo ocorre cos rapaces admiten que hai determinadas profesións que nunca elixirían.

- O concepto de labor de fogar e a súa asociación cun determinado sexo.

En efecto, en Infantil constátase un claro rumbo sexista en canto á realización dos labores do fogar.

Aprécianse diferenzas de xénero, a parte feminina das familias é a que máis tarefas domésticas realiza. En Educación Primaria o alumnado asocia de forma igualitaria a homes e mulleres para realizar determinadas tarefas (cociñar, poñer a mesa, recoller, ordear) mentres que outras séguense a relacionar maioritariamente con mulleres (facer a colada e limpeza en xeral, compra...).
Nos últimos cursos de Primaria, se traballan o pai e a nai, son as avoas as encargadas de levar a casa.

- A distribución dos espazos e a mobilidade neles.

Obsérvase que desde unha idade tempera, aínda que se intensifica co paso do tempo, os rapaces tenden a ocupar máis espazo no recreo, ao contrario que as nenas, que adoitan agruparse nas marxes do mesmo.

- A práctica de distintos xogos.

En canto á práctica de xogos, o alumnado de Infantil non amosa un rumbo sexista na súa práctica; pero a medida que se avanza nos distintos niveis de Primaria obsérvase unha clara preferencia por actividades lúdicas que tradicionalmente se asociaron a un determinado sexo.

- Reunións cos titores/as.

En relación a asistencia dos proxenitores ás reunións periódicas co titor/a ou relacionadas coa oferta complementaria do centro, observamos que de forma maioritaria son as nais as que acoden a este tipo de reunións.

- Necesidades específicas de apoio educativo ou nivel de vulnerabilidade polo grao de inclusión do alumnado.

No centro non temos actualmente alumnado inmigrante e o índice de desarraigo familiar non é significativo. De todos os xeitos temos presente as posibles incorporacións de alumnado susceptible de necesidades derivadas de situacións de exclusión, marxinación ou desfavorecemento social.

A Comunidade Educativa está comprometida na superación das barreiras para o acceso, a participación e a aprendizaxe de todo o alumnado e poñer todos os esforzos en superar as limitacións do centro á hora de atender á diversidade, potenciando a aprendizaxe e a participación de todo o alumnado, en especial de aqueles que se atopasen en situacións de vulnerabilidade e polo tanto en risco de exclusión.

## 5. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLTOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTES TEMAS

### 5.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- Fomentar o uso da linguaxe non sexista.
- Garantir a participación equitativa nas actividades da aula, empregando textos e materiais didácticos que non xeren estereotipos.
- Invitar a profesionais do mesmo ámbito e de ambos sexos para que compartan as súas experiencias.
- Recoñecer e resaltar as diferenzas individuais e grupais, motivando de igual maneira cara o éxito.
- Potenciar o uso igualitario dos espazos (aulas, patio…), así como a participación equitativa nas actividades curriculares.
- Potenciar as actividades non sexistas e sen estereotipos de xénero.
- Fomentar a participación do alumnado na organización e o desenvolvemento das tarefas levadas a cabo na clase, así como aquelas que lles sexan propostas na casa.
- Fomentar a autonomía do alumnado, tanto na casa como no entorno escolar, de modo que sexan capaces de realizar tarefas cotiás, evitando desigualdades.

### 5.2. Prevención, detección e intervención en caso de violencia de xénero

- Utilizar material de lectura que trate temas de xénero, ofreza unha imaxe positiva do home, realizando roles tradicionalmente femininos.
- Falar da importancia da muller ao longo da historia, facendo fincapé nas mulleres galegas, as súas aportacións e a situación que vivían naquel momento.
- Tratar de favorecer a resolución de conflitos por diferenzas de xénero sobre todo a través do diálogo e eliminar calquera estereotipo de xénero educando na diversidade.

### 5.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

- Evitar a discriminación do alumnado por cuestión de sexo, orientación sexual, identidade de xénero, educando na tolerancia.
- Promover a igualdade e o respecto cara ás persoas que presenta diferente orientación sexual ou identidade de xénero á propia.
- Desenvolver unha proposta didáctica para tratar a diversidade afectivo-sexual en Primaria.
- Lograr un ambiente de convivencia que se base nun concepto de cidadanía democrática e responsable que rexeite as discriminacións.

### 5.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia

- Establecer actividades de formación para os profesionais docentes.
- Fomentar a reflexión sobre os roles de xénero.
- Previr actitudes ou comportamentos que fomenten a LGBTIfobia.

## 6. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTES ÁMBITOS

### 6.1. Organización do centro

O equipo de "Igualdade" do noso Centro está formado por todo o claustro de docentes, por considerar que este é un tema no que todos/as debemos estar involucrados, xa que, será un aspecto fundamental na formación persoal dos nosos alumnos/as.

O equipo reunirase periodicamente para tratar, organizar e programar as distintas actividades que levan a cabo nos distintos trimestres relacionadas con este tema e nas que todo o claustro e alumnado colabora e participa.

A persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de Igualdade será María Teresa del Río Boquete.

O equipo está formado por todos os profesores e profesoras para que as decisións se realicen co necesario consenso.

Como este é un tema que, como comentamos, consideramos de gran importancia, o profesorado, alumnado e as familias recibirán formación en materia de igualdade, xa que voltaremos de novo a participar no "Plan Director para a Convivencia nos centros Educativos" onde persoal especializado acude ao centro para formar a toda a Comunidade Educativa.

Ao longo de curso realizaremos unha serie de actividades arredor das datas coeducativas seguintes:

- 20 novembro: Día Internacional dos Dereitos da Infancia.
- 25 novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 10 decembro: Día Internacional dos Dereitos Humanos.
- 16 ao 20 de decembro: Campaña do xoguete non sexista.
- 30 xaneiro: Día da Paz.
- 08 marzo: Día Internacional da Muller.
- 02 de maio: Día Internacional contra o Acoso Escolar.

Ademais de tratar a Igualdade como un valor intrínseco ao currículo a través das competencias clave, é dicir, que se trate de forma natural en todas as áreas e materias, propoñemos, de forma paralela, a realización dunha serie de actividades que engloben a todas as etapas, e niveis do centro. Entre elas cabe destacar:

- Realización de obradoiros onde os pais e nais ensinen ao alumnado, independentemente do seu sexo, a realizar distintas tarefas da vida cotiá (de acordo coa súa idade e nivel madurativo) facer unha cama, usar unha fregona e un cepillo, utilizar ferramentas sinxelas, fregar a louza, pasar o ferro, inflar unha roda ou un balón…
- Lecturas de contos tradicionais analizando de forma crítica os roles establecidos. A partir de aquí, elaborar contos onde se invirtan estes roles.
- Recibir charlas e/ou (de acordo coa idade do alumnado) realizar traballos sobre mulleres que destacaron en ámbitos que tradicionalmente non se consideraron como propios: premios Nobel na área das ciencias puras, deportes de alta competición, xadrez, política, economía…
- Análise crítica da publicidade en televisión (é o medio máis utilizado polo alumnado).
- Examinar de forma crítica as letras da discografía moderna.

- Integrar á xeneralidade do alumnado en todo tipo de xogos, tanto no recreo como nas clases de Educación Física, independentemente do seu rumbo sexista tradicional.
- Crear o Recuncho da Igualdade, onde calquera membro da comunidade educativa poida expoñer noticias, traballos, ideas, fotos… relacionados coa Igualdade.
- Visionado de películas que incidan na inxustiza da desigualdade entre homes e mulleres.
- Recunchos en Infantil (a casiña, construcións…).
- Reparto de tarefas independentemente do sexo do alumnado: axudar a trasladar o material e o mobiliario para a realización de actividades de todo tipo, limpeza da clase tras unha festa ou celebración, decoración da aula ou os espazos comúns para distintos acontecementos…

As familias representan o núcleo vertebrador de toda educación xa que son elas as que transmiten, en última instancia, todos os valores que desenvolverá no futuro o alumnado. Por iso, consideramos esencial inculcarlles a necesidade de complementar as actuacións propostas desde a escola e que, cos seus exemplos diarios, colaboren na consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes. Neste senso, propoñemos as seguintes actividades:

- Establecer os mesmos dereitos para os seus fillos e fillas.
- Insistir en que as tarefas da casa sexan compartidas por igual entre os nenos e as nenas.
- Permitir que os seus fillos, independentemente do seu sexo, teñan as afeccións que desexen e escollan os traballos que lles gusten.
- Non empregar oracións que reproduzan estereotipos sexistas.
- Falar con respecto e agarimo das tarefas que desempeñaron e realizan as mulleres da familia, debido a que entregaron parte do seu tempo e enerxía ao coidado das demais persoas.

### 6.2. Eliminación dos estereotipos de xénero

En canto ás actuacións concretas, como a coordinación do profesorado que traballa no mesmo nivel educativo, parécenos interesante incidir nos seguintes aspectos:

- Análise, desde a perspectiva de xénero, dos materiais curriculares, especialmente dos libros de texto.
- Uso dunha linguaxe non sexista na oralidade da nosa práctica educativa, nos recursos didácticos que ofrecemos na aula, nas informacións que mandamos ás familias, etc.…
- Revisión do Proxecto Curricular das áreas, para incluír a perspectiva de xénero en todas as materias. A invisibilidade das mulleres nos contidos curriculares é tan obvia, que nos resulta difícil a súa inclusión. Hai que realizar para iso unha procura de mulleres relevantes na materia, causas, motivos polos que foron invisibilizadas ata o de agora, datos, estatísticas…
- Análise de estereotipos sexistas, incidindo na sensibilización sobre a perda que conleva unha socialización non igualitaria e promovendo actuacións que supoñan a ruptura cos roles de feminidade ou masculinidade a través das prácticas educativas.
- Deseño de actividades complementarias ou extraescolares en gran grupo que reforcen os contidos curriculares; por exemplo, visitas a monumentos atendendo aos espazos femininos, visitas a exposicións específicas, cinefórum, certames literarios,…

En relación a actuacións coas familias

- Elaboración dunha carta a principios de curso explicando ás familias en que consiste o Plan de Igualdade e pedindo a súa colaboración.
- Inclusión na reunión que no primeiro trimestre teñen os titores ou titoras coas familias dun apartado con información concreta das actividades que o centro vai realizar en relación coa igualdade desde a perspectiva de xénero. Nesta reunión é importante dar unha xustificación da necesidade de colaboración entre familias e centro educativo.

  Trataríase de dar unha explicación moi breve sobre a súa importancia para a transmisión de valores, e en concreto, as repercusións negativas que está a ter para a socialización de fillos e fillas os estereotipos sexistas. Informaremos nesa reunión da existencia dunha convocatoria específica para Proxectos de Coeducación dirixidos a ANPA.

### 6.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo

Xestionaremos as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.
Dentro das actividades de "patios dinámicos" que levaremos a cabo no centro, intentaremos transformar o patio nun elemento clave para a inclusión de todo o alumnado.

Propoñeremos actividades dirixidas que permitan que todos os/as alumnos/as poidan xogar e relacionarse co conxunto do grupo para mellorar as súas habilidades sociais e reforzar a súa autoestima.

Outro dos obxectivos fundamentais que se persegue é previr, a través do xogo e as relacións sociais no entorno dos recreos, posibles situacións conflitivas que poidan xurdir entre o alumnado, especialmente o acoso escolar.

A través do xogo pretendemos potenciar valores de respecto e solidariedade, adaptando as actividades, en caso de que fora necesario, para que todo o alumnado participe sen que a idade ou o sexo poidan ser un impedimento.

A maior parte dos xogos que empregaremos pertencen o grupo de " xogos cooperativos ". A súa característica fundamental é que son xogos nos que a colaboración entre os participantes é o elemento esencial. Este tipo de xogos son moi adecuados para traballar a inclusión.
Anualmente establecemos, dentro do Plan Proxecta, unha actividade conxunta que involucre tanto ao alumnado como ao profesorado do centro, e que se desenvolva nos recreos ao longo de todo o curso escolar.

Promoveremos a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual desde o ámbito da orientación educativa e vocacional, partindo da educación infantil.

Realizaremos actividades diversas en todas as etapas e cursos coa finalidade de concienciar ao alumnado do dereito e da liberdade á hora de elixir de forma independente que ser de adultos, sen que factores como o xénero ou a raza puidesen condicionar tal decisión. (Este obxectivo xira arredor da importancia de poder elixir a profesión que se desexe, sen que o criterio de elección estea influído polo feito de que algunhas profesións fosen tradicionalmente desenvolvidas máis por homes que por mulleres).

Traballaremos por grupos asignando unha profesión antiga a cada grupo, e facendo reflexionar ao alumnado sobre o traballo da muller noutras épocas e facéndoos reflexionar sobre a idea de que cada un debe adicarse ao que máis lle guste independentemente de ser rapaza ou rapaz.

Valores como o respecto e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres serán a base desta actividade.

### 6.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:

Unha das nosas prioridades é elixir valores que nos acheguen benestar e traballar para aplicalos nas nosas relacións, evitando normalizar os malos tratos e é por iso un dos nosos obxectivos, tratar de promover o respecto e bo trato entre homes e mulleres, afastar a xerarquía e desigualdade, e o valor do masculino por riba do feminino. Valores negativos que se transmiten a través da familia, a escola, os medios de comunicación...

Trataremos de paliar esa normalización da agresión, murmuración ou insulto a través da negociación e o diálogo que substitúen á imposición e o sometemento promovendo a equidade e utilizando as particularidades de cada cal coma fontes de enriquecemento, cambiando os valores de loita, pelexa, desconfianza, imposición, dominación ou sometemento polos de solidariedade, cooperación, negociación, diálogo e a discusión creativa.
Buscaremos que no noso centro cada un atope o seu lugar, se sinta útil e colabore no benestar colectivo co fin de que se sintan parte dun proxecto común para crear unha sociedade mellor, máis xusta e equitativa, e para mellorar o planeta, coidándonos e coidándoo.

Por todo iso, xeraremos autonomía, capacidade de compartir, aprender a discutir e negociar, ser tolerante e respectuoso/a con un/a mesmo/a, xestionar o autocoidado, coidar aos demais, a contorna e o tratarse ben.

Teremos en conta que o xénero condiciona os roles, as posibilidades, as accións, o aspecto físico e a expresión da sexualidade das persoas.

A actitude que os profesionais da educación, pais e nais adoptemos ante a diversidade afectivo-sexual será unha das cuestións máis relevantes para conseguir que as nenas/os, as mozas/os, sexan felices, e que se sintan a gusto consigo mesmos. Esa actitude, en boa medida, pode evitar que escondan a súa condición por medo a ser rexeitados, discriminados e mesmo agredidos.

Sabemos que, a pesar da existencia de leis para evitar a discriminación e para propiciar a igualdade e o respecto ante a diversidade sexual, o certo son as realidades que aínda viven moitas mozas/os.

Será primordial educar na diversidade afectivo-sexual desde a familia así como educar a favor da igualdade de valor e contra a violencia por motivos de orientación sexual e identidade de xénero e, por iso actuaremos como recurso de apoio para pais e nais, que busquen reflexionar acerca da igualdade de valor, a orientación sexual, a identidade de xénero e a violencia, que en ocasións danse por estes motivos.

Así mesmo, será relevante concienciar acerca da necesidade da implicación das familias na educación a favor da igualdade de valor e contra a violencia por motivos de orientación sexual e identidade de xénero.

Para romper coa socialización de xénero hai que promover metodoloxías activas, participativas e cooperativas, promover xogos e traballos cooperativos entre nenos/as no centro, no mantemento da aula, na participación nos xogos e no deporte, no recreo compartindo espazos, tarefas, responsabilidades e oportunidades.

Amosar aos nenos e nenas outra forma de xogar e relacionarse a través dos xogos cooperativos, coeducativos facilitará o proceso de cambio de mentalidade nos espazos de socialización, os espazos onde aprendemos a construír a nosa identidade de xénero transformando o que tradicionalmente foron aprendidos de acordo cos roles e valores que socialmente se adxudican e que nos cargan de estereotipos e limitacións.

É necesaria a reflexión e revisión, desde un enfoque de xénero, do profesorado e das familias sobre a necesidade de prestar atención aos xogos e, en relación a eles, aos roles de xénero, ás actitudes e ao uso dos espazos mostrando que é posible outra forma de xogar e de relacionarse, e que para iso é importante que detectemos e corrixamos as condutas sexistas, xerando hábitos participativos en igualdade.

Hai que ter claro que pertencer a un ou outro sexo, non debe limitar nin os xogos e xoguetes que se elixan, nin as tarefas, nin as eleccións profesionais, nin a expresión de sentimentos e emocións.

A escola e a familia traballando en equipo poden chegar moi lonxe no campo da corresponsabilidade, representando por igual a mulleres e homes levando a cabo tarefas domésticas. Nós tamén queremos practicar desde a aula “o doméstico” implicando aos nenos no traballo doméstico e reforzando nos máis pequenos valores esenciais para a vida como a autonomía persoal, a autoestima, o traballo en equipo, o respecto, a organización, a responsabilidade, a solidariedade ou o esforzo. No reforzo deses valores, os docentes e as familias, como principal espello dos nenos/as, temos un papel fundamental: o exemplo.

Así mesmo, levaremos a cabo actividades de intervención social a través dunha serie de actuacións que poderán desenvolverse a nivel comunitario destinadas a mellorar e promocionar a vida en comunidade, fomentando o desenvolvemento de grupos activos que interveñan e participen no desenvolvemento da súa contorna e co fin de mellorar a situación de vulnerabilidade da poboación inmigrante, as persoas maiores, o respecto pola diversidade cultural, das persoas con discapacidade… sobre todo a través de actividades de lectura e debate.

O Plan de Igualdade foi elaborado polo Equipo Directivo coas aportacións e suxestións do Claustro de Profesores e o Consello Escolar, aprobándose polo Consello Escolar do Centro con data do 02 de outubro de 2023.

O documento forma parte do Proxecto Educativo, tal como figura no punto segundo da instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e innovación Educativa e desenvolverase anualmente no marco da Programación Xeral Anual.

O director e presidente do Consello Escolar.

Asdo: José Dominguez Caballero

# ANEXO II

## ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

### ELECCIÓN DA LINGUA MATERNA POR PARTE DO CENTRO

Seguindo a instrución do 31 de xullo de 2013, o centro fixou a lingua predominante baseándose nos seguintes parámetros:

- O resultado da pregunta informativa e non vinculante realizada ás familias do alumnado do 4º nivel do segundo ciclo de Educación Infantil.
- A realidade sociolingüística do contorno.
- A garantía da presenza das dúas linguas cooficiais como vehiculares na programación anual do centro e, polo tanto, da adquisición de coñecementos nas dúas linguas.

O centro escolar resolve que, no presente curso académico 2023/2024, a lingua materna a empregar no 4º nivel do segundo ciclo de Educación Infantil será o galego.

### EMPREGO DA LINGUA POR PARTE DO ALUMNADO

O alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área ou materia.

### ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE PARA O TRATAMENTO DAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS

### EDUCACIÓN INFANTIL

Á hora de tomar decisións sobre as medidas a adoptar para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten na etapa de Educación Infantil, teremos en conta os seguintes aspectos:

- Espertarase o interese e a curiosidade por descubrir e explorar as posibilidades expresivas das diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Estas linguaxes e formas de expresión abordaranse de maneira global e integrada.
- A metodoloxía debe basearse en ambientes de aprendizaxe e tendo en conta: espazo, materiais, agrupamentos e tempo.

- A coordinación entre todos os profesionais que interveñen é fundamental.

As actividades básicas para esta etapa serán as seguintes:

- Propostas motivadoras nas que o alumnado toma decisións no seu proceso de aprendizaxe.
- Uso de recursos en galego: cancións infantís e populares, adiviñas, contos...
- Emprego de materiais específicos: sensoriais, visuais, artísticos, de psicomotricidade, de refugallo, de xogo simbólico, instrumentos musicais...
- Emprego de software e hardware específico para traballar as TIC.

## EDUCACIÓN PRIMARIA

Á hora de tomar decisións sobre as medidas a adoptar para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten na etapa de Educación Primaria, teremos en conta os seguintes aspectos:

- Toda actividade que realizan os nenos e nenas ao longo da xornada escolar é potencialmente educativa.
- As actividades propostas deberían supoñer sempre un reto para o alumnado e mobilizar diferentes competencias na súa realización.
- As actividades serán variadas e relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.
- O alumnado debe integrar na súa aprendizaxe as tecnoloxías dixitais e as contornas virtuais de aprendizaxe facendo un uso seguro, crítico e responsable.

As actividades básicas para esta etapa organízanse en actividades de carácter xeral e actividades de carácter lúdico:

## ACTIVIDADES DE CARÁCTER XERAL

- Actividades de lectura facendo fincapé na comprensión dos textos, vocabulario, tipoloxías...
- Actividades de produción de textos escritos de diferentes tipoloxías e finalidades onde terán en conta as normas ortográficas, gramaticais e de morfosintaxe.
- Actividades de animación á lectura coma contacontos, encontros con autores ou ilustradores…
- Actividades que permitan a adquisición das dúas linguas a través de proxectos de investigación, exposicións orais, debates, charlas...
- Emprego de recursos e materiais variados destinados á didáctica da lingua.

## ACTIVIDADES DE CARÁCTER LÚDICO

- Actividades orais (adiviñas, trabalinguas, rimas...) e escritas (encrucillados, sopas de letras, xeroglíficos, caligramas, etc).
- Actividades audiovisuais e interactivas.
- Xogos didácticos, de cartas e de taboleiro para mellorar a atención, a percepción visual, o cálculo, a visión e orientación espacial ou a velocidade de procesamento.
- Cancións populares en lingua galega.
- Xogos de expresión corporal e dramática.

## MODIFICACIÓNS NA IMPARTICIÓN DE MATERIAS SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA SOBRE O IDIOMA DE IMPARTICIÓN DAS MESMAS

Desde o curso académico 2017/2018 formamos parte da Rede de Centros Plurilingües, estendéndose no curso 2018/2019 a Educación Infantil (Plurinfantil).

No que respecta a Educación Primaria, a distribución proporcional das materias a impartir en galego e/ou castelán, será a seguinte:

- Música e Danza: galego.
- Educación Plástica e Visual: galego e inglés.
- Educación Física e Psicomotricidade: castelán.
- Relixión e Proxecto Competencial: castelán.
- Valores Sociais e Cívicos: galego.

## VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES LEVADAS A CABO NO CURSO 2022-2023

Os obxectivos marcados no Proxecto Lingüístico de Centro: fornecer a lingua galega, empregar a lingua galega como vehículo de expresión nas relacións do centro, mellorar a competencia lingüística da comunidade escolar e promover o coñecemento da nosa realidade cultural, cumpríronse na súa totalidade.

## ACTIVIDADES REALIZADAS

- Celebración da Festa de Outono (o Samaín e o Magosto), o Nadal, o Entroido, o Día de Rosalía, o Día do Libro e o Día das Letras Galegas.
- Ampliación dos fondos da biblioteca en lingua galega adaptados á idade dos alumnos de cara a fomentar os hábitos de lectura, tanto a nivel escolar como familiar.
- Realización de *Lecturas Apadriñadas*, actividade na que o alumnado de cursos superiores do centro exerceu de contacontos aos máis pequenos.
- Celebración da *Semana da Prensa*, na que traballamos arredor de distintas noticias de xornais relacionadas co noso concello seguindo o centro de interese do proxecto do pasado curso: "Coñecendo o noso concello".
- Ambientación e decoración do centro para o desenvolvemento das diversas actividades levadas a cabo.
- Obradoiros de lectura e escritura en todos os niveis educativos.
- Emprego de diversos materiais didácticos e recursos web.
- Confección do Xornal Escolar número 18, en formato impreso e dixital.

## INFORMACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS PARA O CURSO 2023-2024

As actividades que se levarán a cabo no presente curso escolar, terán en conta os seguintes aspectos:

- Dar a coñecer as nosas tradicións populares coma sinais de identidade e aprender a gozar delas.
- Conseguir facer partícipe a toda a comunidade educativa: profesorado, alumnado, persoal non docente e familias das celebracións típicas da nosa cultura.
- Fomentar actitudes positivas cara á lingua galega e potenciar o seu uso en todos os eidos tanto na oralidade coma na escrita.
- Continuar con aquelas actividades que tiveron unha alta aceptación e implicación por parte da comunidade educativa.

## ACTIVIDADES PREVISTAS

- Participación activa de todos os membros da comunidade educativa naquelas conmemoracións institucionalizadas e tradicionais: Festa de Outono, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, Letras Galegas...

- Realización de actividades no centro en colaboración cos demais equipos onde se fomente o uso da lingua a través de concursos literarios e obradoiros.
- Divulgación entre toda a comunidade educativa de manifestacións artísticas que dean a coñecer a nosa identidade cultural coma pobo (actividades dinamizadoras, obras de teatro e contacontos, monicreques de compañías galegas, cinema en galego...).
- Oferta de recursos en galego coma espazos na rede, materiais dixitais, materiais impresos, curtametraxes e cinema en galego.
- Ampliar o número de fondos da Biblioteca Escolar en lingua galega.
- Facer partícipe ao alumnado no Proxecto Documental Integrado deste curso, *Animalandia*, implicándoos na súa ambientación e facilitándolles todos os recursos que precisen para a busca de información.
- Aumentar o número de blogs, especialmente de aula, con respecto aos actualmente creados (Infantil, Relixión, 2º de Primaria e Biblioteca), e enlazalos á páxina web dinámica do noso centro.
- Confección do Xornal Escolar número 19, en formato impreso e dixital.

A addenda ao Proxecto Lingüístico do Centro foi avaliada e aprobada polo Consello Escolar na reunión ordinaria celebrada o día 2 de outubro de 2023.

O director e presidente do Consello Escolar.

Asdo: José Domínguez Caballero

# ANEXO III

## 1. FINALIDADE

A finalidade deste proxecto é contribuir de xeito significativo á mellora da competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector do alumnado de educación infantil e educación primaria; así como a descubrir e tomar conciencia do valor da lectura como un elemento de disfrute persoal.

A súa elaboración responde aos intereses do noso centro por determinar un conxunto de medidas, prácticas e espacios co fin fundamental de facilitar o acceso á lectura e desenvolver o hábito lector aos membros da comunidade educativa no seu conxunto. Como diría Mario Vargas Llosa: “aprender a ler é o mais importante que me pasou na vida”

## 2. XUSTIFICACIÓN DO PLAN ANUAL DE LECTURA

A lectura non debe imponerse, pero si facilitarse, é tarefa dos que comparten a responsabilidade na formación e educación dos nenos e nenas.

A lectura é unha ferramenta básica para a aprendizaxe integral e constitúese como o medio principal para acadar coñecemento e achegarse á cultura. Sen unha axeitada lectura comprensiva, non se pode desenvolver o pensamento crítico. A lectura é unha materia transversal de todas as áreas do currículo e unha ferramenta indispensable para o aprendizaxe de tódalas materias.

Partindo destas premisas, a adquisición e consolidación do hábito lector é prioridade do noso centro; implicando nel ao profesorado, a todo o alumnado, e por suposto ás familias no papel que exercen de modelo para os seus fillos.

## 3. HÁBITO LECTOR NO CENTRO

- No centro, en xeral, o alumnado parece ler con certa regularidade: faino na hora de ler incluída no horario escolar, fai uso do préstamo semanal dos fondos biliotecarios do centro e ademáis participa das mochilas viaxeiras que se poñen en marcha co comezo do curso e que abarcan a todo o alumnado. Polo tanto, manexan os libros, lévanos ás casas e parece que os len ou llos len; sobre todo en infantil e no primeiro ciclo de primaria.
- Os índices de lectura nas etapas mencionadas son aceptables, pero susceptibles de mellora no resto dos ciclos.
- Como a lectura é unha materia que abarca todas as áreas do currículo e faise imprescindible para a aprendizaxe, precisa do esforzo de todos os axentes educativos implicados

## 4. OBXECTIVOS XERAIS

1. Estimular o hábito lector, espertando a necesidade de ler dende as idades mais temperás
2. Contribuír a desenvolver no alumnado as competencias que lle permitan acceder á lectura, practicala a miúdo e desfrutar co seu uso
3. Facilitar o acceso á lectura, que a vexan como fonte de enriquecemento cultural e como fonte de información, e á vez gratificante
4. Potenciar a través da lectura o comportamiento correcto e a construcción de valores sociais : solidaridade, tolerancia, igualdade, respeto das diferencias e a non discriminación

5. Fomentar a participación do alumnado, profesorado, familias… no desenvolvemento da competencia lectora, implicando a toda a comunidade nas actividades, iniciativas ou outras experiencias que poideran programarse para potenciar o hábito lector dos nosos alumnos e as capacidades inherentes ao mesmo
6. Afianzar os hábitos de lectura como medio de desenvolvemento persoal, con actitud reflexiva e sentido crítico diante das manifestacións do contorno
7. Favorecer que o desenvolvemento da competencia lectora se convirta nun elemento e asunto colectivo do noso centro, do profesorado, do alumnado, das familias e da comunidade
8. Potenciar a actualización e a formación do profesorado para que contribúan de xeito relevante ao mellor desenvolvemento da competencia lectora e do hábito lector no alumnado

## 5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

### 5.1. Ler para aprender

- Chegar a acordos entre todo o profesorado para traballar de maneira coherente a lectura na aula de textos informativos
- Introducir técnicas e estratexias de colaboración e cooperación para mellorar a comprensión na lectura de textos
- Aumentar o gusto pola lectura e a lectura en si mesma en diferentes soportes
- Promover o emprego eficaz da biblioteca escolar como o recanto idóneo para a busca, selección e xestión da información, converténdoa no corazón da actividade escolar como centro de recursos e como centro creativo de aprendizaxes
- Incluír a alfabetización mediática e informacional, a visión crítica e a aprendizaxe colaborativa a través dos proxectos documentais integrados de centro.
- Formar o profesorado ao redor das estratexias implicadas na lectura e na axuda que poden ofrecer ao alumnado
- Axeitar o material de consulta da biblioteca do centro en xeral e da biblioteca da aula en particular, á situación actual de importancia dos recursos dixitais
- Orientar ás familias para que colaboren no desenvolvemento do hábito lector do alumnado
- Aproveitar as posibilidades do entorno escolar, contando coa ANPA, co concello e con otros axentes sociais; para desenvolver accións de promoción da lectura de toda a tipoloxía de textos, sobre todo de textos literarios nas distintas linguas
- Promover a atención á diversidade dende a perspectiva de accesibilidade física, cognitiva e inclusiva a través das diferentes linguaxes: de programación, musical, artística, lúdica…
- Empoderar ao alumnado na lectura e na escrita, coa finalidade de que se convertan en produtores e non solo consumidores

### 5.2.- Aprender a ler

- Traballar a oralidade como base do desenvolvemento:
    - Na etapa de educación infantil, os mestres:
        a. Darán ás familias pautas e consellos para estimular a linguaxe
        b. Motivarán a curiosidade e o gusto por coñecer
        c. Lograrán que a biblioteca do centro sexa considerada unha extensión da súa aula, un lugar máxico de encontro cos libros e co resto da comunidade educativa
    - Na etapa de educación primaria darase valor aos xogos e usos sociais da linguaxe, centrándose na linguaxe oral expresiva e na comprensiva
- Mellorar a habilidade do alumnado en relación coa conciencia fonolóxica
- Mellorar a fluidez e a entoación na lectura, a comprensión lectora, a produción de textos escritos, o hábito lector e o gusto pola lectura

## 6. OBXECTIVOS POR CICLOS

## EDUCACIÓN INFANTIL

- Inculcar ao alumnado o interese pola lectura dende idades temperás
- Conseguir que a lectura sexa para o alumnado un elemento de disfrute persoal
- Ofrecer ao alumnado actividades de prelectura e lectura, baixo un prisma lúdico
- Responsabilizar aos alumnos do coidado e manexo de soportes
- Ofrecer a posibilidade de manipular diferentes libros en formatos variados na biblioteca da aula e na biblioteca escolar
- Detectar posibles dificultades para a aprndizaxe e desenvolvemento da habilidade lectora
- Conseguir que a lectura sexa compartida na familia dende a escola e nos demais contextos do alumnado

## 1º CICLO DE PRIMARIA

- Disfrutar do pracer da lectura
- Ler de forma axeitada diferentes tipos de textos escritos (fluidez, comprensión e entonación)
- Desenvolver estratexias para mellorar a habilidade lectora
- Empregar a biblioteca e aprender a sacarlle partido
- Dramatizar contos, poesías, diálogos, conversacións para potenciar a expresión oral, entonación e comunicación

## 2º CICLO DE PRIMARIA

- Ler diferentes tipos de textos de maneira fluída coidando o ritmo, a entonación e a articulación
- Realizar lecturas comprensivas, sendo capaces de deducir a mensaxe do texto
- Desenvolver o gusto pola lectura, fomentando o uso das bibliotecas do centro e da aula, así como o préstamo de libros
- Mellorar a velocidade lectora. Si fose necesario co apoio dos mestres especialistas
- Tomar conciencia das regras básicas de ortografía e do seu correcto uso
- Fomentar a lectura colectiva, a expresividade e a entonación a partir de dramatizacións e actividades musicais por niveis ou colectivos do centro
- Empregar as novas tecnoloxías para a elaboración de materiais que complementen o fomento da lectura de maneira orixinal e motivadora

## 3º CICLO DE PRIMARIA

- Desenvolver no alumnado estratexias para ler con fluidez, entonación e comprensión axeitadas á intención do texto
- Comprender distintos tipos de textos adaptados a súa idade
- Empregar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e empregar a ortografía correctamente
- Apreciar o valor dos textos literarios empregando a lectura como fonte de disfrute, información e enriquecemento persoal
- Utilizar a biblioteca do centro e da aula para a busca de información e aprendizaxe

## 7. ACTIVIDADES PARA TRABALLAR A EXPRESIÓN/COMPRENSIÓN ORAL

(actividades que mudarán de complexidade segundo se trate de infantil ou de calquera dos tres ciclos de primaria)

- Discusións orais para elaboración de textos de uso social: notas ás familias, listas de materiais necesarios para unha actividade, receitas, experimentos, confección de muráis, proxectos de traballo…
- Conciencia fonolóxica, silábica e semántica: rimas, pareados, refráns, trabalingüas…

- Lectura silenciosa
- Practica da entoación, ritmo, intensidade, modulación da voz… na lectura en voz alta
- Sintaxe e estilo: aumentando/diminuíndo a lonxitude das frases a través de preguntas chave (quen?, cando?, onde?...
- Lectura de contos analizando as palabras descoñecidas, emprego de vocabulario rico e variado para realizar descripcións de persoas/animais/obxectos
- Teatro lido ou dramatizado, roleplaying, coloquios, asembleas, foros de debate/discusión
- Xogos de atención e agudeza visual, de discriminación de sons, de comprensión, de memoria
- Expresión dos sentimientos que lles transmitiu a lectura
- Emprego frecuente do diccionario, da prensa, de revistas axeitadas a cada idade
- Competencia, comprensión lectora e lectura crítica
- Hora de ler
- Apadriñamentos lectores do alumnado de segundo e terceiro ciclo de primaria, ao alumnado de infantil e primeiro ciclo de primaria
- Guías de lectura
- Difusión de fondos na páxina web e nas redes
- Animación á lectura a partir dos fondos encadrados nas diferentes conmemoracións do centro
- Lectura en diferentes soportes e plataformas, sobre todo nos cursos Edixgal
- Os itinerarios lectores servirán de guía no caso de que se establezan nos diferentes niveis libros de lectura obrigatoria
- Para o alumnado con necesidades educativas especiais adaptaranse as actividades, escolleranse libros apropiados ao seu nivel; seguindo as pautas marcadas polo departamento de orientación para cada caso

## 8. ACTIVIDADES DE ESCRITURA/ALFABETIZACIÓN MEDIÁTICA E INFORMACIONAL

- Potenciaremos a producción de todo tipo de textos, tanto literarios como informativos
- Escrita creativa
- Certames literarios
- O proxecto documental integrado de cada curso será a base para a búsqueda de información, compra de fondos para a biblioteca, proposta de actividades, elaboración de materiais e organización de cantas actividades sexan precisas para fomentar a competencia informacional do alumnado

## 9. ACTIVIDADES DENDE A BIBLIOTECA

- Elaboración de dípticos/trípticos informativos para as familias con recomendación lectoras coincidindo coas vacacións de nadal e de verán
- Circulares informativas para o profesorado ou con documentación sobre aspectos diversos da lectura
- Servicio de préstamo para todo o alumnado dende principios de outubro ata principios de xuño
- Actividades variadas de animación á lectura:
    - Exposicións temáticas coincidindo con datas importantes
    - Concurso de marca páxinas con motivo dos días das bibliotecas e coa temática do PDI
    - Proxecto biblioteca humana, con persoeiros importantes cercanos ao alumnado
    - Apadriñamentos lectores coincidindo co día das bibliotecas e co día do libro
    - Organización e realización de contacontos entre o alumnado
    - Mochilas viaxeiras para todo o alumnado
- Publicación das actividades realizadas e das novidades bibliográficas adquiridas no blog da biblioteca e de ser o caso na páxina web do centro
- Otras actividades en coordinación cos equipos de extraescolares, das TIC e do EDLG

- Encontros con autores
- Dende as titorias invitarase ás familias a participar no programa **lectura e familias**
- Levarase a cabo unha relación fluída co departamento de cultura do concello e coa ANPA no tocante a organación de actividades que teñen que ver coa lectura
- Co fin de atender á diversidade e compensar as desigualdades, a organización e exposición da biblioteca tenta cumpris os estándares DUA de fácil accesibilidade física e cognitiva. Os fondos están moi ben surtidos de textos que atenden á diversidade de capacidades, de identidade afectivo sexual, de familias, de linguas…

## 10. RECURSOS

**10.1. PERSOAIS**: os principais axentes destinados a fomentar hábitos de lectura e escritura son os propios mestres, polo tanto é preciso a implicación de todo o claustro na tarefa:

- Establecendo criterios comúns para todos as áreas
- Asumindo o compromiso de potenciar a comprensión lectora como base de toda aprendizaxe
- Integrando as actividades de comprensión lectora no contexto do traballo diario
- Promovendo a lectura comprensiva ao mesmo nivel ca escritura e a expresión oral en todas as áreas
- Implicando dende as titorías ás familias no obxectivo de fomentar hábitos lectores nos educandos
- Facilitando dende as reunións de ciclo o deseño de actividades de comprensión e de animación lectora por áreas, ciclos e cursos
- Asumindo tanto o profesorado como o alumnado ,que a biblioteca é o espazo central da vida diaria do centro

**10.2. MATERIAIS**

- Biblioteca escolar e bibliotecas de aula

## 10. AVALIACIÓN DO PLAN LECTOR

Evaluarase o plan con enquisas de valoración que se pasarán ao profesorado, ao alumnado e ás familias ao rematar o curso. Cada dous cursos é preciso revisar o plan para ver se cumpre os indicadores relacionados cos obxectivos plantexados:

1. Traballouse a oralidade nas aulas
2. Mellorou a capacidade expresiva do noso alumnado nos últimos tempos?
3. O noso alumnado manifesta o gusto pola lectura, le e acode asiduamente á biblioteca a coller fondos
4. Promoveuse a escrita e mellorouse
5. Conseguiuse mellorar a alfabetización informacional a través do PDI do centro
6. A biblioteca e os seus fondos son accesibles
7. Promovéronse diferentes linguaxes como o de programación, matemático, científico, musical, lúdico...
8. Participou nas actividades toda a comunidade educativa
9. A biblioteca estivo presente nas actividades do centro
10. Fomos referente cultural
11. Converteuse a biblioteca en centro creativo de aprendizaxes máis alá da lectura e a escritura con actividades variadas de creación
12. Avaliáronse e tivéronse en conta os datos obtidos para as novas propostas

A COORDINADORA DO EQUIPO DE BIBLIOTECA

María Teresa del Río Boquete

# ANEXO IV

## 1. INTRODUCIÓN

### 1.1. Datos básicos do centro

- NOME DO CENTRO: CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro.
- DIRECCIÓN: Travesía Rúa Nova, s/n, A Silva-Cerceda, CP.15186.
- CORREO: ceip.celso.emilio.ferreiro@edu.xunta.gal
- TELÉFONO: 881 880 506
- PÁXINA WEB: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcelsoemilioferreiro/
- ETAPAS EDUCATIVAS: Educación Infantil e Primaria.
- NÚMERO DE ALUMNADO: 96 alumnos/as.
- NÚMERO DE PROFESORADO: 13 docentes.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

CARACTERÍSTICAS SOCIOECONÓMICAS

Unha vez analizados os resultados da enquisa realizada, as conclusións ás que chegamos son as seguintes:

- Tendo en conta o tipo de traballo que realizan os país/nais do alumnado confírmase que a maioría deles traballan por conta allea. Apenas existe paro e unha porcentaxe masiva dispón de animais e pequenos terreos con plantacións dos que obteñen produtos alimenticios.
- No aspecto referente a vivenda, reflíctase que unha ampla maioría dispón de vivenda propia e nalgúns casos conviven xuntas varias xeracións. As vivendas están equipadas cos electrodomésticos esenciais. Debido á ubicación do núcleo poboacional, case todas as familias dispoñen dun ou dous vehículos. Os dous terzos do alumnado dispón de habitación individual. Un terzo comparte habitación cos irmáns ou outros membros da unidade familiar.
- Unha alta porcentaxe do alumnado dispón dun mínimo suficiente de libros de lectura propios e ademais, de forma regular, levan desde o colexio a mochila viaxeira e acuden á Biblioteca Municipal.
- Polo que respecta ao seu tempo de lecer, os discentes distribúeno do seguinte xeito:

■ Máis das dúas terceiras partes ven a televisión e empregan as novas tecnoloxías en torno a dúas horas diarias, aumentando esta proporción os fins de semana.

■ En torno a esa mesma porcentaxe acceden ás actividades extraescolares.

CONTRIBUCIÓN DO PD AO PROXECTO EDUCATIVO

O Plan Dixital de Centro, de agora en diante PDC, ten que formar parte das sinais de identidade do centro e polo tanto contribuír e formar parte do PE.

O alumnado do CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro, debe ser un alumnado formado en todas as competencias que establece a lei educativa e polo tanto, a competencia dixital ten que traballarse a todos os niveis. O PDC ten que establecer estratexias para que o alumnado adquira as aprendizaxes a través de medios dixitais e teña estes medios como recurso para a súa aprendizaxe.

Non podemos esquecer que dentro dos sinais de identidade no PE, temos un amplo alumnado de atención a diversidade para o cal, os recursos que podemos ofrecer a través de medios dixitais serán claves para traballar e lograr un maior éxito académico e social.

A comunicación coas familias nos tempos nos que vivimos xa non pode estar limitada aos medios escritos, o plan dixital ten que aportar ao noso PE, un sistema de información e comunicación moito máis completo que o que ata agora se mantiña.

É fundamental establecer unha estreita relación entre a Biblioteca e o Plan Dixital. Dentro do noso PDC contemplamos unha mellora dos medios dixitais dispoñibles para a biblioteca do centro.

Con respecto a outros plans, a difusión do noso idioma e o traballo de actividades e recursos a través das novas tecnoloxías educativas, farán que a difusión do Plan de Dinamización da Língua Galega acade maior calado.

O PDC contribúe á Programación Xeral Anual do curso 2023/2024 en tres vías:

- Integración de sistemas de avaliación a través de ferramentas dixitais.
- Dotación de medios e dispositivos dixitais para fomentar a lectura.
- Dotación de medios e recursos para o profesorado e alumnado para a mellora académica.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Achega dos medios dixitais á consecución da adquisición dos elementos curriculares.

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Instrucións para o ensino non presencial.

- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021/2022.

Instrucións para elaborar o plan dixital de centro.

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021/2022.

### 1.4. Proceso de elaboración

PLAN DE FORMACIÓN

Inscrición dos centro nun Plan de Formación Permanente do Profesorado a través do CFR, cunha liña de actuación baseada na elaboración do documento marco.

ANÁLISE SELFIE A REALIZAR POLO EQUIPO DIRECTIVO, DOCENTES E ALUMNADO DO CENTRO

Coa colaboración e asesoramento dos equipos ADIX creados “ad hoc”, analizamos a nosa realidade en relación ao uso das tecnoloxías a través de SELFIE, ferramenta de auto-avaliación recomendada pola Comisión Europea. Trátase dun excelente instrumento de análise e reflexión aínda que, a súa potencialidade, penso que quedou minguada polo baixo índice de participación, especialmente por parte do profesorado, o que supón un hándicap á hora de valorar fielmente a realidade dos centros.

TEST DE COMPETENCIA DIXITAL DOCENTE

Os docentes respostamos posteriormente a un TEST DE COMPETENCIA DIXITAL de carácter orientativo coa finalidade de medir o noso nivel competencial dixital e así poder planificar os diferentes tramos da nosa formación futura nese ámbito.

ELABORACIÓN DO INFORME DAFO

Tendo en conta o documento SELFIE, exclusivamente, elaboramos un informe DAFO que permitiu recoñecer as fortalezas e debilidades internas, así como as ameazas e oportunidades externas que servirán de elemento clave de punto de partida para a elaboración do PLAN DIXITAL. As categorías preestablecidas na DAFO foron as seguintes:

- ASPECTOS INTERNOS: (Fortalezas-Debilidades): infraestruturas, persoal docente, persoal non docente, alumnado, familias, oferta, organización do centro.

- ASPECTOS EXTERNOS: (Ameazas-oportunidades): administración educativa, lexislación, ANPA, contorna, outras entidades.

DESEÑO E ELABORACIÓN DO PLAN DIXITAL. ESTRUTURA E ELEMENTOS

A estrutura do Plan Dixital de Centro conta cos seguintes elementos:
INTRODUCIÓN.
- Datos básicos do centro.
- Contextualización do PD. Contribución do PD ao Proxecto Educativo.
- Xustificación.
- Proceso de elaboración.

SITUACIÓN DE PARTIDA.
- Servizos dixitais e mantemento dispoñibles.
- Análise DAFO.

PLAN DE ACCIÓN.
- Obxectivos.
- Indicadores e accións.

AVALIACIÓN DO PD.
- Seguimento do Plan de Acción.
- Propostas de mellora unha vez revisado.

DIFUSIÓN DE PD.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### 2.1.1. Descrición xeral

O CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro conta con diversos recursos dixitais a disposición dos membros do equipo directivo, do profesorado e do alumnado.

TIPO DE CONEXIÓN: Fibra.

ANCHO DE BANDA: Ftth_500 mb_500mb.

CONEXIÓN POR CABLE: 3 aulas + dirección + secretaría + aula de PT + Biblioteca + Aula de Informática.

CONEXIÓN WIFI: 8 puntos de acceso que cubre todo o centro.

NÚMERO DE AULAS, ESPAZOS E OUTRAS DEPENDENCIAS CON CONEXIÓN: Todas

### 2.1.2. Equipamento dispoñible

EQUIPOS POR TIPO:

EQUIPOS DE SOBREMESA: 18

EQUIPOS PORTÁTILES: 7

TABLETAS: 0

EQUIPOS POR LOCALIZACIÓN:

AULA DE INFORMÁTICA: 12

AULAS:4

ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN : 2

NOUTRAS DEPENDENCIAS: (biblioteca, PT, sala mestres…) : 4

SEN LOCALIZACIÓN DEFINIDA: 1

ORDENADORES POR UTILIZACIÓN PREFERENTE:

TAREFAS ADMINISTRATIVAS: 2

TAREFAS EDUCATIVAS E DOCENTES: 22

NON ASIGNADOS A UNHA TAREFA PREFERENTE: 1

### 2.1.3. Outros equipos informáticos do centro

PANEIS DIXITAIS: 8

PORTÁTILES “E-DIXGAL”: 28

PROXECTORES: 9

ESCÁNER: 1

FOTOCOPIADORAS: 2 (unha delas contratada con renting e conectada en rede coa biblioteca, sala de mestres, dirección e secretaría).

IMPRESORAS LOCAIS: 6

NÚMERO DE PUNTOS DE ACCESO WIFI: 7 (Amtega. Aruba Networks ED1CW60_34).

#### 2.1.4. Servizos dixitais interactivos

As ferramentas tecnolóxicas institucionais que emprega o centro neste momento son: a aula virtual, a páxina web do centro, xestionada pola dirección do centro, abalar móbil e Tokapp para comunicacións con toda a comunidade educativa.

#### 2.1.5. Xestión de mantemento do equipamento do centro

A xestión e mantemento a leva a cabo o propio equipo TIC do centro.

#### 2.1.6. Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC

- Plan de continxencia: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcelsoemilioferreiro/system/files/u2/Plan%20de%20continxencia%202021_2022_2.pdf.

- Plan de ensino virtual: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcelsoemilioferreiro/system/files/u2/Plan%20ensino%20virtual%202021_2022_1.pdf.

### 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

AUTOAVALIACIÓN SELFIE

| Areas | Grupos | Ensinanzas |
|---|---|---|
| | | Educación Infantil e Primaria |
| A -Liderado | Equipo Directivo | 3,4 |
| | Profesorado | 4 |
| | Alumnado | |
| B- Colaboración e redes | Equipo Directivo | 2,8 |
| | Profesorado | 3,4 |
| | Alumnado | 3,4 |

| | | |
|---|---|---|
| C- Infraestruturas e Equipos | Equipo Directivo | 2,9 |
| | Profesorado | 4 |
| | Alumnado | 3,7 |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Directivo | 3,7 |
| | Profesorado | 3,9 |
| | Alumnado | |
| E- Pedagoxía: Apoio e Recursos | Equipo Directivo | 4,3 |
| | Profesorado | 3,9 |
| | Alumnado | |
| F- Pedagoxía: | Equipo Directivo | 3,6 |
| | Profesorado | 3,1 |
| | Alumnado | 3,9 |
| G- Prácticas de avaliación | Equipo Directivo | 3,8 |
| | Profesorado | 2,3 |
| | Alumnado | |
| H- Competencias dixitais do alumnado | Equipo Directivo | 3,7 |
| | Profesorado | 4 |
| | Alumnado | 4,2 |

## TEST DE COMPETENCIA DIXITAL DOCENTE

### Participación segundo perfil do profesorado

| | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|---|---|---|---|
| DEFINITIVO | 9 | 10 | 90% |
| PROVISIONAL | 1 | 1 | 100% |
| OUTROS | 1 | 1 | 100% |
| SUBSTITUTO | 2 | 2 | 100% |

### Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|---|---|---|---|
| 77,2 | Integrador/a (B1) | 76.4 | Integrador/a (B1) |

### Puntuación e nivel de competencia por etapas

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|---|---|---|---|---|

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| INF. | 69.5 | Integrador/a (B1) | 68.2 | Integrador/a (B1) |
| PRI. | 87.8 | Explorador/a (B1) | 77 | Integrador/a (B1) |

## Distribución do profesorado por niveis

| | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|---|---|---|
| A1 | 1 | 7,7 % |
| A2 | 6 | 46,2 % |
| B1 | 2 | 15,4 % |
| B2 | 2 | 15,4 % |
| C1 | 1 | 7,7 % |
| C2 | 1 | 7,7 % |
| TOTAL | 13 | 100.10% |

## 2.3 Análise DAFO

| | INTERNOS | FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|---|---|---|---|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO | C3 O centro dispón de acceso a internet tanto para o ensino como para a aprendizaxe | C5 A asistencia técnica non cubre as necesidade do centro |
| | PERSOAL DOCENTE | A3 O profesorado síntese apoiado e participa na mellora da súa competencia dixital<br>D2 Todo o profesorado ten acceso a un desenvolvemento profesional continuo (DPC)<br>E4 Os docentes, na súa totalidade, empregan a tecnoloxía dixital na comunicación no centro | F6 Baixa participación en proxectos interdisciplinares<br>G5 Baixo emprego de tecnoloxías na autorreflexión do alumnado sobre a súa aprendizaxe |
| | PERSOAL NON DOCENTE | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | ALUMNADO | H1 O alumnado aprende a  a actuar de maneira segura en internet<br><br>H3 O alumnado aprende a actuar de maneira responsable en internet<br><br>H8 O alumnado do centro aprende a comunicarse utilizando as tecnoloxías dixitais | H4 O alumnado non comproba a fiabilidade da información que atopa en internet |
| | FAMILIAS | | CENTRO O coñecemento das familias a nivel tecnolóxico é moi limitado |
| | OFERTA | A1 O centro emprega novas metodoloxías que integran as tecnoloxías | B1 No centro non se avalía con tecnoloxías dixitais os progresos de ensino aprendizaxe |
| | ORGANIZACIÓN DO CENTRO | C 12 O centro conta con plans de formación para axudar aos docentes a enfrontarse aos desafíos do ensino mixto | Dificultades no uso lexislativo referente a protección de datos<br><br>G8 O profesorado fai un escaso emprego das tecnoloxías na documentación da aprendizaxe do alumnado |

| EXTERNOS | | OPORTUNIDADES | AMEAZAS |
|---|---|---|---|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | C1 O centro conta cunha infraestrutura dixital adecuada e adaptada ao ensino mixto | A4 Déficit horario para poder reflexionar e mellorar os coñecementos tecnolóxicos |
| | LEXISLACIÓN | A5 No centro respéctanse os dereitos de autor e as licenzas de emprego das tecnoloxías dixitais | C7 O centro carece de sistemas de protección de datos |
| | CONTORNA | | |
| | ANPA | | |
| | OUTRAS ENTIDADES | C 11 No centro dispoñemos de medidas para identificar as dificultades da aprendizaxe mixta para evitar a fractura dixital | B3 No centro empregamos en poucas ocasións as tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións<br><br>B4 Baixa interacción na realización de proxectos educativos con outras entidades |

## 3. Plan de Acción

O plan de acción está encamiñado a consolidar no centro as incorporacións tecnolóxicas que se comezaron a levar a cabo neste curso 2021/2022:

- Comunicación coas familias a través de Abalar Móbil.
- Remisión de arquivos a familias e docentes a través da aplicación Tokapp.
- Visitas virtuais para coñecer o centro.
- Emprego da aula virtual coma complemento a formación presencial.
- Sesións de clase non presencial a través de sistema de videoconferencia coa plataforma webex.

### 3.1.1 Obxectivos, indicadores e accións

## Plan de Acción do Plan Dixital de Centro (Ceip Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro)

<table>
<tr><td colspan="6">“Área de mellora”: (A) LIDERADO</td></tr>
<tr><td>OBXECTIVO 1 :</td><td colspan="4">- Deseñar unha estratexia dixital enfocada ao seguimento do Plan Dixital (A1)</td><td>Acadado</td></tr>
<tr><td>RESPONSABLE:</td><td colspan="4">- Dirección do centro</td><td>Non acadado</td></tr>
<tr><td>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</td><td colspan="5">- Rexistro das accións levadas a cabo, no documento de seguimento do Plan Dixital</td></tr>
<tr><td>Valor de partida</td><td colspan="5">- 0 obxectivos do Plan Dixital acadados</td></tr>
<tr><td>Valor previsto e data</td><td colspan="3">- 3 obxectivos do Plan Dixital acadados</td><td colspan="2">- 30 de xuño de 2023 (Memoria)<br>- 30 de xuño de 2024 (Memoria + novo Selfie)</td></tr>
<tr><td colspan="6">ACCIÓNS A DESENVOLVER</td></tr>
<tr><td rowspan="2">DESCRICIÓN</td><td rowspan="2">RESPONSABLES</td><td rowspan="2">DATA PREVISTA FIN</td><td rowspan="2">RECURSOS NECESARIOS</td><td colspan="2">SEGUIMENTO DA ACCIÓN</td></tr>
<tr><td>VALORACIÓN DA ACCIÓN</td><td>ESTADO</td></tr>
<tr><td rowspan="3">AO1.1: Definir as liñas de actuación e seguimento na PXA anual</td><td rowspan="3">- Dirección<br>- Responsable TIC</td><td rowspan="3">- 30 de xuño de 2023</td><td rowspan="3">- Claustro de profesores<br>- Consello Escolar</td><td rowspan="3"></td><td>Realizada</td></tr>
<tr><td>Aprazada</td></tr>
<tr><td>Pendente</td></tr>
<tr><td rowspan="2">AO1.2: Constituír un equipo de dinamización do Plan Dixital</td><td rowspan="2">- Dirección</td><td rowspan="2">-30 de xuño de 2024</td><td rowspan="2">- Reunión mensual do equipo formado polo responsable Tic e un docente por ciclo</td><td rowspan="2"></td><td>Realizada</td></tr>
<tr><td>Aprazada</td></tr>
</table>

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | - Grupo de traballo | | | | Pendente |
| AO1.3: Seguir o proceso de implantación do Plan Dixital a través da Aula Virtual do centro. | - Dirección<br><br>- Responsable TIC | - 30 de xuño de 2024 | - Aula virtual do centro | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |

## Plan de Acción do Plan Dixital de Centro (CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro)

| “Área de mellora”: (D) DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| OBXECTIVO 2 : | - Mellorar a competencia dixital docente do profesorado (D1) | | | | Acadado |
| RESPONSABLE: | - Equipo de coordinación de formación<br><br>- Responsable TIC | | | | Non acadado |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | - % de profesorado emprega as tecnoloxías na comunicación interna e externa e na interacción co alumnado (rúbrica específica) | | | | |
| Valor de partida | - 40% do profesorado con competencia dixital axeitada a nivel de comunicación interna e externa e na interacción co alumnado | | | | |
| Valor previsto e data | - Chegar no prazo de dous cursos académicos a unha porcentaxe do 100% | | | - 30 de xuño de 2024 | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | |

| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO |
|---|---|---|---|---|---|
| AO2.1: Involucrar ao profesorado establecendo grupos de traballo específicos a través dun PFPP cunha | - Responsable TIC | - 30 de xuño de 2024 | - Participación nos PFPP | | Realizada<br>Aprazada |
| duración de dous cursos escolares | | | | | Pendente |
| AO2.2: Formar e actualizar dixitalmente ao profesorado a través do programa de formación anual do CFR establecendo, como punto de partida, o Test de Competencia Dixital Docente | - Grupos de traballo | - 30 de xuño de 2024 | - Aula virtual do centro.<br>- Materiais específicos do CFR | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |
| AO2.3: Crear un espazo dixital para favorecer a autoaprendizaxe do profesorado a través da Aula Virtual Docente | - Equipo Directivo<br>- Responsable TIC | - 30 de xuño de 2024 con revisións trimestrais dos logros acadados | - Plataforma da Aula Virtual Docente | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |

## Plan de Acción do Plan Dixital de Centro (CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro)

| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO |
| AO3.1: Crear os cursos e matricular ao profesorado e alumnado na Aula Virtual corporativa | - Profesorado titor | - Setembro/outubro | - Cursos creados na Aula Virtual | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |

| “Área de mellora”: (F) PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA | | |
|---|---|---|
| OBXECTIVO 3 : | - Promover o emprego da Aula Virtual corporativa co alumnado a partir de 3º de primaria (F5) | Acadado |
| RESPONSABLE: | - Equipo Directivo<br>- Responsable TIC | Non acadado |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | - Número de actividades levadas a cabo co alumnado na Aula Virtual corporativa polos docentes (Memoria de fin de curso) | |
| Valor de partida | - 0 actividades realizadas co alumnado na Aula Virtual corporativa por docente | |
| Valor previsto e data | - 9 actividades realizadas (tres por trimestre) na Aula Virtual corporativa | - 30 de xuño de 2023 |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| AO3.2: Subir as actividades aos cursos correspondentes da Aula Virtual corporativa | - Profesorado que imparte nos cursos implicados | - De novembro a final de curso | - Aula virtual do centro | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |
| AO3.3: Crear un curso para elaborar e compartir materiais entre o profesorado para levalos ás súas aulas | - Profesorado que imparta nos cursos<br>- Departamento de Orientación | - Ao longo do curso 2022/2023 | - Elaboración de recursos por parte do profesorado implicado.<br>- Ofertar materiais para atender á diversidade<br>- Creación dun banco de recursos na páxina web do centro | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |

## Plan de Acción do Plan Dixital de Centro (CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro)

| “Área de mellora”: (H) COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO | | |
|---|---|---|
| OBXECTIVO 4 : | - Proporcionar ferramentas e estratexias ao alumnado de EP para analizar a fiabilidade da información (H5) | Acadado |
| RESPONSABLE: | - Persoa titora de cada grupo | Non acadado |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | - Número de sesión lectivas dedicadas a analizar a fiabilidade da información (Rexistro das sesións empregadas, por parte das persoas titoras) | |
| Valor de partida | - 0 sesións | |

| Valor previsto e data | - 3 sesións | | | - 30 de xuño de 2023 | |
|---|---|---|---|---|---|
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO |
| AO4.1: Crear grupos de traballo na aula para analizar a información | - Persoa titora de cada grupo | - 22 de decembro de 2022 | - Aula Virtual | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |
| AO4.2: Elaborar unha rúbrica que se utilizará para analizar a información | - Persoa titora de cada grupo | - 22 de decembro de 2022 | - Rúbrica creada na Aula Virtual do centro | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |
| AO4.3: Elaborar dous retos con información de diferentes sitios web para valorar a súa veracidade por parte do alumnado, coa rúbrica xerada | - Persoa titora de cada grupo | - 30 de xuño de 2023 | - Rúbrica creada | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |

## 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

### 3.2.1 Con respecto á infraestrutura dixital

INFRAESTRUTURA DE DATOS

Aumento da velocidade de rede para a inclusión no proxecto E-Dixgal.

INFRAESTRUTURA DE VOZ

Aumento de liña nas aulas extremas do centro, no edificio de PT e no ximnasio.

CONEXIÓN DE REDE LAN E REDE SEN FÍOS

Actualmente a cobertura WIFI do centro abrangue o 100% do mesmo.

### 3.2.2. Con respecto ao equipamento

ADMINISTRACIÓN

Cóntase con dous equipos de sobremesa para o secretario e director do centro. O primeiro posto debe actualizarse a un equipo de sobremesa de última xeración e o da dirección debe contar cun portátil dado que moito do traballo realízase fóra do centro.

BIBLIOTECA DO CENTRO

Actualmente dispón dun equipo de catalogación. A mellora necesaria é dun equipo máis potente para a catalogación e tres equipos para a consulta de alumnado.

AULA DE INFORMÁTICA

Sería necesaria unha modernización de todos os equipos que están totalmente obsoletos.

EQUIPOS PARA USO DE SALA DE PROFESORADO E DEPARTAMENTOS

A sala de profesorado ten 1 equipo para uso do profesorado, que parece insuficiente. Deberase aumentar a dotación en dous equipos máis.

### 3.2.3. Con respecto aos servizos dixitais educativos

Actualmente o centro emprega a aula virtual de moodle, a web drupal, a galería coppermine, abalar móbil e externo ao centro o servizo Tokapp O uso destes servizos atópase na seguinte situación:

a) Aula virtual do centro: 50% do profesorado de Educación Primaria e 0% do profesorado de Educación
Infantil.

b) Páxina web do centro. Uso e xestión por parte do equipo directivo. Actualización de novas, documentos do centro, galerías, espazos para equipos de coordinación docente…

c) Galería coppermine. Xestionada e administrada polo equipo TIC do centro.

d) Abalar Móbil. Actualmente emprégase polo 100% do profesorado de Educación Infantil e Primaria.

e) Plataforma Tokapp. Empregada pola totalidade do profesorado e as familias.

Consideramos que non precisamos, actualmente, ningunha mellora neste aspecto.

## 4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, será o seguinte:

- No contexto da avaliación procesual se avaliará, como mínimo, unha vez ao trimestre, o desenvolvemento do plan dixital. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

## 5. Difusión do plan

A tarefa de difusión do PDC, ten que ser consecuente con dito plan e deberá facerse a través das ferramentas institucionais dispoñibles: páxina web do centro e abalar móbil.

A tarefa de difusión do PDC realizarémola en tres fases:

1. PRIMEIRA FASE.

DESTINATARIOS

Difusión entre o profesorado. Consideramos que os primeiros en coñecer o plan deben ser os mestres/as do centro.

MEDIO

A través do correo corporativo.

PRAZOS

Na primeira semana do mes de xullo do curso 2021/2022.

2. SEGUNDA FASE.

DESTINATARIOS

Difusión entre as familias do alumnado.

MEDIO

Páxina web do centro.

O PDC incorporarase ao PE no apartado de Documentos de centro, así como na PXA.

PRAZOS

Setembro de 2022.

3. TERCEIRA FASE.

DESTINATARIOS

Toda a comunidade educativa.

MEDIO

Abalar móbil. Enviarase abalar do centro co enlace á páxina web.

PRAZO

Setembro de 2022 e seguimento ao longo de todo o curso 2022/2023.

---

O Plan Dixital do centro foi avaliado polo Claustro de Profesores e aprobado polo Consello Escolar nas respectivas xuntanzas que tiveron lugar o día 28 de xuño de 2022.

# ANEXO V

## 1.- INTRODUCIÓN

Enténdense por ATENCIÓN Á DIVERSIDADE o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais de todo e, especialmente do que require unha actuación específica derivada de factores persoais ou sociais relacionados con situacións de desvantaxe sociocultural, de altas capacidades, de compensación lingüística, de discapacidade ou con trastornos graves de personalidade, da conduta ou do desenvolvemento, ou de trastornos da comunicación e da linguaxe.

Estas actuacións poden precisar dunha intervención diferenciada, sempre dentro dun entorno o máis normalizado posible e coa finalidade última de fomentar o desenvolvemento persoal e a participación nun entorno escolar e social ordinario de todo o alumnado.

O principio de diversidade debe ser un eixo básico da práctica docente e a axuda pedagóxica o máis personalizada posible para garantir que as diferencias existentes entre os alumnos non impidan o seu desenvolvemento persoal e social nunha sociedade democrática e plural.

Esta axuda personalizada pode realizarse para a maioría dos alumnos no ámbito das actuacións pedagóxicas que constitúen a actuación habitual do equipo docente, sen embargo en ocasións as necesidades educativas de determinados alumnos poden precisar a adopción de medias extraordinarias tanto de carácter curricular como organizativo.

O noso sistema educativo ofrece unha ensinanza comprensiva para todos os alumnos ata os 16 anos. Este carácter comprensivo non é antagónico senón complementario da diversidade. A educación, que se pretende integradora e non discriminatoria, debe asumir o compromiso de dar resposta á complexidade de intereses, problemas e necesidades que se dan na realidade educativa. Tendo presente, segundo o concepto de necesidades educativas, que todos os alumnos precisan ao longo da súa escolaridade diversas axudas pedagóxicas de tipo persoal, técnico ou material co obxecto de asegurar o logro dos fins da educación: o desenvolvemento integral do alumno.

A atención á diversidade supón facilitar o acceso de todos os alumnos e alumnas ao currículo establecido. É dicir, acadar os obxectivos expresados en termos de capacidades. Neste caso, o que o centro debe desenvolver non son tanto comportamentos específicos, iguais para todo o alumnado, senón capacidades xerais, competencias globais, que despois se poñen de manifesto en actuacións concretas que poden ser distintas en cada alumno e alumna, aínda que se deban á mesma capacidade.

## 2.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O CEIP Plurilingüe "Celso Emilio Ferreiro" atende a un alumnado comprendido entre os 3 e os 12 anos, procedente da mesma área xeográfica: unha zona interior na que aínda permanecen actividades agrícolas e gandeiras pero con preponderancia doutros sectores económicos: existe un polígono industrial, unha central térmica e unha incineradora do lixo producido en toda Galicia.

As necesidades educativas detectadas están moi relacionadas cos seguintes feitos:

- En xeral o ambiente familiar é pouco motivador para os estudos debido especialmente ao escaso hábito de lectura da maioría das familias.
- A dispersión da poboación. Hai lugares nos que o neno ten serias dificultades para contactar e relacionarse con outros da mesma idade.
- Necesidade de aumentar a implicación dos pais e nais no proceso educativo dos seus fillos.

## 3.- IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A intervención do departamento de orientación está basicamente centrada en dous ámbitos interrelacionados: apoio ao proceso de ensino aprendizaxe e ao plan de acción titorial.

### 3.1.- APOIO AO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE

#### 3.1.1.-INTERVENCIÓN CO ALUMNADO POR PARTE DA MESTRA DE P.T.

A relación do alumnado atendido poderá ser modificada en función das orientacións do departamento, en vista da información obtida do seguimento dos alumnos e a avaliación das competencias curriculares dos mesmos.

Os agrupamentos teñen un carácter flexible e aberto e están suxeitos a revisións periódicas co fin de adecuarse o máis posible ós obxectivos propostos.

Respecto ao currículo, os alumnos que seguen unha ACI teñen como referente os obxectivos e contidos que nela se indican para cada área. Nos que non a teñen elaborada, os apoios céntranse basicamente nas áreas instrumentais: matemáticas e linguas, sen prexuízo doutras áreas deficitarias como atención, aspectos conductuais, etc.
Para cada alumno establecerase un programa de apoio onde se traballarán as áreas necesarias.

Os apoios desenvolveranse buscando sempre a situación máis normalizadora para o discente. Nos casos en que sexa preciso, os alumnos abandonarán a aula ordinaria durante períodos de tempo predeterminados e acordados para recibir atención individualizada ou en pequenos grupos dentro da aula de apoio.

#### 3.1.2.-INTERVENCIÓN CO ALUMNADO POR PARTE DA ORIENTADORA

- Prevención, detección e tratamento das dificultades de aprendizaxe. Avaliación psicopedagóxica.

- Organizar os reforzos pedagóxicos aos alumnos que o necesiten.
- Colaboración na realización de:
- Adaptacións curriculares. ○ Informes psicopedagóxicos.
- Grupos de apoio.
- Apoios en aula ordinaria...

## 3.2.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

**O departamento de orientación colabora coa xefatura de estudos en:**

- Reunións do equipo educativo (avaliacións, reunións extraordinarias,...). ○ Revisión ou modificación, se procede, do Plan de Acción Titorial. ○ Organización e funcionamento das titorías. ○ Posibilitar a coordinación entre os titores/as dun mesmo nivel e etapa.

**Co profesorado e cos titores :**

- Deseño e desenvolvemento da Programación Titorial. ○ Elaboración dun programa básico de habilidades sociais de carácter xeral.
- Seguimento do proceso de ensino aprendizaxe.
- Proporcionar técnicas e instrumentos para o desenvolvemento de esta acción titorial: guías e escalas de observación, técnicas e hábitos de estudo, asesoramento nas relacións coas familias,...
- Complementar, se é o caso, a intervención do titor/a cos pais dun determinado alumno/a.

**Co alumnado:**

- Atención individualizada a todos os alumnos que o requiran.

**Coas familias:**

- Cooperar na relación titores-familias para a solución de problemas que afectan aos seus fillos.
- Propoñer actuacións que promovan unha maior participación e implicación das familias na vida do Centro e na educación das súas fillas e fillos. ○ Colaborar en actividades formativas dirixidas aos pais.

**Con outras institucións: Concello, Mancomunidade de Ordes, Centro de Saúde Mental Infantil, EOE, Servizos Sociais...**

- Facilitar a realización de actividades ou programas tendentes tanto ao desenvolvemento persoal como social e cognitivo do alumnado.
- Seguimento de alumnos con tratamento psicolóxico.
- Derivación dos casos precisos ao servizo de atención temperá da Mancomunidade.
- Informar ante situacións concretas aos Servizos Sociais do Concello e solicitarlle información cando se considere preciso.

## 4.- DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

O obxectivo central é a integración completa, social e escolar, de todo o alumnado que o precise, no menor tempo posible.

Entre os obxectivos xerais se contemplan os seguintes:

- A estimulación do pensamento e formación de condutas e hábitos sociais, partindo da realidade física e social máis próxima ao alumno.
- Iniciación ao dominio das técnicas instrumentais básicas: linguaxe oral, lectoescritura e conceptos matemáticos.
- Posibilitar a integración social e educativa, potenciando actitudes de aceptación e respecto en todo o alumnado.
- Incorporación dos diferentes valores que aportan as culturas existentes no Centro, tendo como referencia o Proxecto Educativo do Centro.
- Ofrecer ao alumnado con necesidades educativas especiais unha resposta educativa axeitada e de calidade que lle facilite acadar os obxectivos mínimos da Educación Primaria.
- Impulsar a colaboración e coordinación do Centro con otras Institucións e asociacións. ○ Promover a formación do profesorado en temas relacionados coa atención á diversidade.
- Fomentar a participación do alumnado e as súas familias na vida do Centro tanto en actividades complementarias, extraescolares…
- Guiar a concreción de criterios para priorizar a resposta educativa á diversidade dentro da aula (medidas de adaptación curricular e de flexibilización organizativa) ou de forma complementaria fóra da aula (a través da acción coordinada do departamento de orientación, acción titorial, profesorado, titor, e profesorado especialista).

## 5.- DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS

### 5.1.- RELACIONADAS COA INCLUSIÓN E A DIVERSIDADE

- Asesorar ao equipo directivo sobre o contido do proxecto educativo e os documentos que o integran, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e a acción titorial.
- Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumna ou alumno.
- Asesorar aos equipos docentes e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

### 5.2.- RELACIONADAS COA ACCIÓN TITORIAL

- Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento das medidas contempladas no plan de acción titorial (PAT), asesorando á totalidade da comunidade educativa sobre o sistema educativo, os

procesos de admisión, as accións de acollida, os cambios de centro e a participación na organización e no goberno dos centros.

- Colaborar cos diferentes equipos docentes no deseño e elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.

### 5.3.- RELACIONADAS COA CONVIVENCIA E COA EDUCACIÓN EN VALORES

- Deseñar programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica dos conflitos, asesorando na elaboración do plan de convivencia do centro.
- Asesorar á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das normas de organización e funcionamento.

### 5.4.- RELACIONADAS COA PROGRAMACIÓN XERAL E COA MEMORIA ANUAL

- Manter actualizado o plan.
- Realizar a memoria final.

### 5.5.- RELACIONADAS COS PROCESOS DE AVALIACIÓN E CALIDADE

Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro.

Asesorar á totalidade da comunidade educativa sobre os proxectos de mellora e calidade do sistema educativo.

### 5.6.- RELACIONADAS CO DRDORIENTA

- Facilitar, en forma e prazo, a información que se demanda na aplicación informática drdorienta.

### 5.7.- RELACIONADAS CO PE

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumno ou alumna.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas.
- Seleción de obxectivos e contidos autenticamente funcionais, a utilización de estratexias metodolóxicas e fontes de información diversificadas, o carácter continuo e flexible da avaliación... son requisitos para a adaptación do currículo.
- Apoio do profesor ou profesora de PT a alumnos con necesidades específicas de apoio educativo dentro e fóra da aula.

## 6.- FASES DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO CENTRO EDUCATIVO

### 6,1.-ELABORAR A PROGRAMACIÓN DE AULA

Basearase no proxecto educativo de centro. Constitúe un ámbito de actuación privilexiado para axustar a actuación educativa á diversidade do alumnado.

Obxectivos

Supón necesariamente a formulación de obxectivos básicos comúns para todos e de outros individualizados en función das necesidades educativas dos alumnos e non só dos que presentan necesidades especiais de atención educativa.

Contidos
Deben priorizarse e organizarse tendo en conta as necesidades e intereses dos alumnos.

Actividades
Diversificadas, de forma que todos os alumnos en función dos seus coñecementos e competencias poidan participar nelas. O profesor proporá actividades comúns, pero tamén actividades diferenciadas tendo en conta as capacidades do alumnado da aula.

Metodoloxía
En primeiro lugar hai que insistir na idea de que o desenvolvemento curricular debe basearse na situación de partida do alumnado. Non todos se atopan no mesmo punto
de saída, nin todos teñen que chegar ao mesmo final. O importante está basicamente no proceso seguido.

É importante proporcionar a cada alumno unha axuda pedagóxica diferenciada en función das variables de capacidade, motivación, intereses e estilos de aprendizaxe, para que así se faga realidade o principio de atención á diversidade. **Neste sentido poden articularse algunhas estratexias:**

- Establecer secuencias de contidos integradas para ir avanzando desde os aspectos máis sinxelos a outros máis complexos.
- Establecer secuencias de contidos en espiral que retomen contidos abordados anteriormente.
- Conectar os novos contidos cos coñecementos previos, de forma que os alumnos recoñezan as aprendizaxes anteriores como requisito de acceso as novas e as poidan activar.
- Establecer tarefas con distintos tipos de actividades e con distintos soportes (gráficos, debuxos, textos...) para atender aos distintos estilos de aprendizaxe.
- Establecer distintos niveis de realización de tarefas. ○ Permitir que os alumnos participen na selección de actividades. ○ Fomentar o traballo cooperativo por parellas e pequenos grupos.
- Introducir actividades alternativas ás xerais planificadas para o grupo clase.

Todo isto supón en relación **cos alumnos que presenten necesidades especiais de atención educativa, ter en conta:** ○ Estruturar máis o seu traballo.

- Reducir o grao de dificultade das tarefas propostas.
- Incrementar a comunicación con el, tanto para detectar con precisión as súas dificultades como para axustar as axudas que se lle ofrecen.
- Controlar o seu progreso de maneira máis continuada.
- Potenciar a súa participación real nas experiencias de aula, dando relevancia na programación ás actividades en pequeno grupo.

Avaliación
Propoñer unha avaliación que se centre no seguimento continuo e no proceso de aprendizaxe, isto supón reunir unha variedade de métodos e instrumentos na recollida da información pertinente. Non reducir nunca a avaliación aos resultados dos controis.

## 6.2.-APLICAR O PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Constitúe un medio eficaz para:

Coñecer a cada alumno grupal e individualmente.

Facilitar a integración do alumno na clase e no centro.

Axudar ao desenvolvemento persoal e social do alumno. ○ Identificar e dar resposta ás dificultades de aprendizaxe que poidan existir no seu proceso educativo.

## 6.3.-REFORZO EDUCATIVO

***Que entendemos por "reforzo"?*** Unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir a secuencia de contidos, nivel de dificultade das actividades, agrupamento dos alumnos, tempos, metodoloxía, formas e instrumentos de avaliación...

Son elaborados polo profesor ou profesora que imparte a área ou materia na que o alumno necesita a medida de reforzo, co coñecemento do titor ou titora que llo comunicará ao equipo directivo, ao departamento de orientación e á familia do alumno ou alumna.

O seu desenvolvemento ten lugar no contexto ordinario da aula .

***Que alumnos sos susceptibles de recibir "reforzo"?*** Alumnos con dificultades de aprendizaxe, desmotivación, falta de atención, escasa autonomía, carecer de base suficiente, dificultade para organizarse e realizar o traballo escolar, lixeiro desnivel curricular... En definitiva, alumnos que coa modificación dos elementos non prescritivos do currículo poden seguir un proceso ordinario de ensino/aprendizaxe.

***Cal será o proceso a seguir para que un alumno reciba "reforzo"?*** A identificación das necesidades específicas de reforzo educativo será realizada en primeiro lugar polo profesor titor ou o profesor da área ou materia, solicitando se é preciso a axuda do departamento de Orientación. Elaborarase un un plan de reforzo educativo que se levará a cabo dentro da aula ordinaria e afectará soamente aos elementos non prescritivos do currículo. Informarase ao equipo directivo, ao de profesores, ao departamento de orientación e á familia.
Se esta medida ordinaria de adaptación non é suficiente para dar resposta ás necesidades específicas de apoio educativo dalgún alumno ou alumna o titor ou profesor solicitará do departamento de orientación unha avaliación psicopedagóxica do alumno co fin de axustar a resposta pedagóxica que precisa.

***Que profesores se encargarán ao longo do curso dos "reforzos"?*** O titor/a, o/a especialista na súa materia ou outro mestre/a do centro con disponibilidade horaria.

***Onde se realizarán os " reforzos"?*** Na aula ordinaria.

***Quen se encargará de informar ás familias dos alumnos de "reforzo" sobre os progresos ou dificultades destes?*** O profesor titor, que recabará información de todo o equipo docente.

***Quen avalía aos alumnos que están recibindo "reforzo"?*** O profesor que llo imparte.

***Onde se reflicte que o alumno tivo un "reforzo"?*** Nas actas de avaliación e no expediente académico como R.E.

***Cando consideramos que un alumno xa non necesita "reforzo"?*** Cando sigan o ritmo ordinario do grupo da clase ou as circunstancias así o aconsellen.

***<u>Normas para a recuperación de materias pendentes:</u>***

1º.- Normas para todas as materias:

- Realizar o plan de traballo proposto polo profesor ou profesora da materia, coa colaboración do departamento implicado .
- As ensinanzas para a recuperación de materias pendentes estarán baseadas nos mínimos esixibles do curso correspondente.
- A avaliación será continua e a atención o máis personalizada posible para indicar as actividades de recuperación e facer o seguimento do alumno ou alumna na realización das tarefas propostas.

## 6.4.- APOIO EDUCATIVO

***Que entendemos por "apoio"?*** Medida de atención á diversidade que afecta a elementos prescritivos e/ou non do currículo.

Son organizados polo equipo directivo co asesoramento do departamento de orientación, e elaborados, en Infantil e Primaria, polo titor/a.

Os apoios educativos poden desenvolverse dentro ou fóra da aula ordinaria. No suposto de realizarse fóra da aula ordinaria será necesaria a conformidade da familia do alumno.

Teñen carácter flexible: o alumnado afectado terá, en todo caso, un grupo de referencia, ao que se reintegrará na totalidade do horario cando as circunstancias así o aconsellen.

A organización dos apoios poderá ter unha das seguintes formas:

Apoio do profesor ou profesora de PT e/ou AL.
Apoio doutro profesor ou profesora do centro.

***Que alumnos son susceptibles de recibir "apoio"?*** Alumnos con dificultades de aprendizaxe significativas, escasa autonomía, manifesto desnivel curricular , ACI ... En definitiva, alumnos con importantes carencias nas materias instrumentais básicas (Linguas e Matemáticas) , xunto a unha situación de desmotivación, cunha frecuente historia escolar de repetidos fracasos e autoconcepto baixo.

***Cal será o proceso a seguir para que un alumno reciba "apoio"?*** O profesor titor ou o da área ou materia solicitará ao departamento de orientación unha avaliación psicopedagóxica do alumno co fin de axustar a resposta pedagóxica que precisa.

Elaborarase un un plan de apoio educativo que se levará a cabo dentro e/ou fóra da aula ordinaria. Informarase ao equipo directivo, equipo de profesores, e á familia.

***Que profesores se encargarán ao longo do curso dos "apoios"?*** En Infantil e Primaria, conxuntamente o titor e o profesor que presta o apoio (profesor de PT, AL, outro profesorado do centro).

***Onde se realizarán os "apoios"?*** Na aula ordinaria ou para prestar unha atención máis personalizada cando as circunstancias así o aconsellen fóra da aula.

***Como debe ser a coordinación entre o titor ou profesor de materia co profesor que imparte o " apoio"?*** O máis continua e intensa posible para deseñar , elaborar e realizar o programa de intervención individual, trazar estratexias de actuación conxuntas que faciliten o proceso madurativo do alumno, buscar e/ou elaborar os recursos materiais e didácticos precisos, elaborar a ACI cando sexa preciso, establecer as normas básicas de actuación con dous profesores na aula ( procurar sacar o maior rendemento posible á presencia da profesora de PT na aula, deixar para outros momentos a lectura silenciosa ou as explicacións extensas), tomar as decisións de avaliación e promoción, avaliar e informar ás familias... Necesariamente deben coordinarse antes do inicio do curso, ter a máxima comunicación durante o proceso de ensino/aprendizaxe e antes da cualificación dos alumnos.

***Asistirán os alumnos con "apoio" fóra da aula ás actividades complementarias , extraescolares ou calquera outro evento que planifique o seu grupo de referencia?*** O obxectivo é lograr a máxima integración ou inclusión do alumno no grupo de referencia, polo tanto debe participar sempre.

***Quen é responsable de conducir ao alumnado a aula de apoio?*** A profesora ou profesor que fai o apoio recollerá ao alumno na aula ordinaria e devolvrao a mesma ao terminar a sesión de apoio.

***Quen é responsable de preparar os materiais de traballo para as sesións de "apoio" así como os de clase?*** Conxuntamentre entre o titor ou profesor de materia co profesor que imparte o apoio.

***Que obxectivos/contidos se teñen en conta á hora de avaliar aos alumnos de "apoio"?*** Os programas de apoio estarán baseados nos mínimos esixibles das áreas para o curso que corresponda. No caso de ser un alumno con ACI, o referente será o documento que a recolle.

***Quen se encargará de informar ás familias dos alumnos de "apoio" sobre os progresos ou dificultades destes?*** Conxuntamente o profesor titor, que recabará información de todo o equipo docente, e o profesor que presta o apoio.

***Quen avalía aos alumnos que están recibindo "apoio"?*** O profesor da área ou materia conxuntamente co profesor que presta o apoio.

***Onde se reflicte que o alumno tivo un "apoio"?*** Nas actas de avaliación e no expediente académico como R.E. ou AC, se é o caso.

***Cando consideramos que un alumno xa non necesita "apoio"?*** Cando teña superadas as dificultades que ocasionaron esta medida ou as circunstancias así o aconsellen. Na decisión intervirá o departamento de orientación.

***Cales son os criterios para selecionar aos alumnos con necesidades específicas de atención educativa que recibirán apoio dos profesores de PT e/ou AL?***

- Baseados na avaliación psicopedagóxica do alumnado (na que interveñen o profesor titor, os profesores de PT e/ou AL e o orientador), contando co parecer dos pais. Cando o apoio se realice fóra do grupo ordinario de referencia do alumno recabarase a conformidade da familia.
- Por norma xeral, os profesores de PT e/ou AL intervirán cando a resposta educativa que precisa un alumno polas súas NEE non se poidan resolver con fórmulas máis normalizadas.
- Recibirán apoio de PT os alumnos CNEE asociadas a condicións persoais de discapacidade psíquica, sensorial ou motórica, ou a trastornos graves de conduta ou personalidade. Recibirano do profesor de AL os que presenten trastornos de linguaxe
- Procurarase dar prioridade:
  - Aos alumnos con ACI e aos que xa recibiron apoio nos cursos anteriores.
  - Atención temperá.

  Recibirán apoio de PT e/ou AL os alumnos con NEE transitorias ordinarias en función das seguintes variables:
  - Dar prioridade á atención temperá.
  - A dispoñibilidade horaria dos profesores de PT e/ou AL.

***Cales son os criterios para organizar os apoios de PT e/ou AL?***

- Seguir os principios de máxima integración posible e de normalización.
- Os apoios prestaranse basicamente nas áreas instrumentasis: linguas e matemáticas. Caso de dispoñibilidade horaria da profesora de PT poderá ampliarse a outras materias.
- Sempre que sexa posible e baseándose na avaliación psicopedagóxica, o apoio será no gruo ordinario, evitando situacións de discriminación cos compañeiros. As intervencións moi específicas requirirán unha intervención individual fóra da aula. ○ A prioridade de apoio dentro da aula irá diminuíndo desde Infantil a 6º de Primaria.
- Cando o desfase entre o nivel curricular do alumno e o currículo de referencia do curso no que estea escolarizado sexa moi considerable, terase en conta a conveniencia do apoio fóra da aula buscando unha mellor resposta educativa.
- Por falta de dispoñibilidade horaria da profesora de PT tamén se contempla a posibilidade de formar grupos reducidos de apoio fóra da aula con alumnos de diferentes grupos ou cursos.
- O apoio do profesor de AL será basicamente fóra da aula.

## 6.5.- ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS

Terase en conta a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se regulan as adaptación do currículum nas ensinanzas de réxime xeral (DOG de 7/11/1995)

## 6.6.- REPETICIÓN DE CURSO

Terase en conta o Decreto 150/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de Educación Primaria.

## 6.7.- PROTOCOLO PARA SOLICITAR MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultares estas insuficientes.
Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

Na nosa tipoloxía de centro escolar, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade:

- As Adaptacións Curriculares.
- Os agrupamentos flexibles.
- O apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.
- A flexibilización da duración do período de escolarización, que require:
    - Informe psicopedagóxico que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo departamento de orientación do centro de adscripción.
    - Conformidade expresa do pai do alumno.
    - Proposta de adaptación do currículo.
    - Informe da Inspección Educativa.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

## 7.- ORGANIZACIÓN, ELABORACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE RECURSOS

- Disporanse espazos para dar respostas axeitadas ás diferentes situacións de aprendizaxe que permita o emprego flexible dos mesmos.
- Considerarase a flexibilidade de horarios, consensuados co Claustro, para que sexan respectados todos os profesionais.
- Confeccionaranse uns modelos de fichas para o seguimento do alumnado, por parte do titor.
- Favorecerase a transmisión dos datos dun profesor a outro e aos demais profesionais involucrados.
- Disporase dos servizos de apoio cando sexan requeridos.
- Estableceranse as liñas xerais para a elaboración dun Plan de Acción Titorial que permita o seguimento personalizado de cada alumno con nee. ○ Disporase de material variado e asequible para os alumnos con nee.

## 8.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN

## 8.1.- INTERNOS

- Elaborar un programa básico de habilidades sociais con carácter xeral. Colaborar co profesorado e cos equipos de docentes na pronta detección das posibles necesidades educativas para establecer a resposta máis axeitada.
- Participar na Comisión de Coordinación Pedagóxica, especialmente en aspectos psicopedagóxicos e metodolóxicos.
- Fomentar a coordinación e colaboración entre os distintos profesores e profesoras que interveñen cun grupo de alumnos/as. ○ Colaboración na elaboración do Plan de Convivencia.
- Asesoramento aos equipos docentes e ao directivo en temas de avaliación e promoción.
- Participación nas sesións de avaliación e reunións do equipos docentes.

## 8.2.- EXTERNOS

### 8.2.1.- CO CENTRO DE ADSCRICIÓN

- Manteremos reunións informativas periódicas así como as que temos, asiduamente a final de curso de cara a informar pormenorizadamente ao equipo docente de secundaria que vai facerse cargo do alumnado procedente do noso centro.

### 8.2.2.- COAS FAMILIAS

- Orientacións sobre os alumnos con necesidades educativas específicas.
- Cooperar na relación titores-familia.
- Coordinar a actuación con axentes externos: Equipo Específico de Orientación, Servizos Sociosanitarios do Concello, Servizos Sociais...

## 9.- PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

Avaliaranse o proceso e os resultados acadados: obxectivos conseguidos, adecuación das actividades, resultados e posta en marcha, implicación dos titores, profesores, alumnos, pais e o departamento de orientación.

Ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o Departamento de Orientación elaborará a memoria do Plan, e establecerá, de ser o caso, as propostas de mellora que se considere pertinentes. Esta memoria incorporarase á memoria do Departamento e, en consecuencia, á memoria memoria anual do centro.

*O Presidente do Consello Escolar*

*Asdo: José Domínguez Caballero*

# ANEXO VI

## PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

## 1.- INTRODUCIÓN

### 1.1.- SUPOSTOS TEÓRICOS BÁSICOS

A titoría é a acción orientadora levada a cabo polo titor ou titora e polo resto do profesorado. Intenta aglutinar o instrutivo e o educativo para lograr a formación integral da persoa. Desde esta perspectiva, incorpora os elementos que van máis aló do puramente académico e que poden axudar ao desenvolvemento de proxectos de vida máis autónomos e responsables.

O conxunto de docentes que interveñen co grupo de alumnos, coordinados polo titor ou titora do grupo, exerce a acción titorial. Corresponde á Xefatura de Estudos coordinar e dirixir a acción dos titores e titoras coa colaboración do Departamento de Orientación.

Enténdese a orientación como parte esencial da educación. Sen orientación, a educación quedaría reducida a mera instrución. Orientar é educar para a vida, asesorar sobre opcións e alternativas, desenvolver habilidades (toma de decisións, estratexias de aprendizaxe autónoma, habilidades sociais, etc.); proporcionar unha atención á diversidade, o que implica, entre outros aspectos, un esforzo e apoio educativo ó alumnado con n.e.e.

A lexislación actual determina que cada grupo de alumnos ten que ter un titor ou titora no que recaen as tarefas de orientación e apoio do alumno ou alumna como grupo e individualmente. En base a esto, resáltase neste plan a figura do Profesor/a titor/a. O impulso a todo o proceso de elaboración correu a cargo do Departamento de Orientación e a Comisión de CoordInación Pedagóxica.

A titoría puntual ou conxunto de actividades que vai levar a cabo o/a profesor/a titor/a, responsable da clase deberá adecuarse á programación previamente consensuada entre os diferentes profesores de curso ou etapa e a xefatura de estudios. Esto supón a posibilidade de desenvolver este plan a través de programas específicos para cada curso académico, que se concretarán na Programación Xeral Anual.

O Plan proporciona os elementos que posibiliten determinadas estratexias de actuación sistemática, a coordinación dos axentes que interveñen, actividades específicas para lograr o bo funcionamento das titorías nos tres ámbitos: alumnado, profesorado, pais e nais.

Como principios básicos da orientación sinalamos os seguintes:

- Non é unha tarefa puntual, senón un proceso de axuda continuo e sistemático a todo o alumnado e en tódolos aspectos: educativos, vocacionais, persoais,...
- Asumida en equipo. Implica aos diferentes axentes educativos (titores, orientador, profesorado en xeral) e sociais (familia, profesionais específicos, etc.)

- Por énfase na prevención e no desenvolvemento (persoal, social e da carreira), prestando especial consideración á atención á diversidade.
- É unha parte inherente do proceso educativo e, polo tanto, da función docente.
- Ten en conta non só as características psicolóxicas do alumnado, senón o contexto no que se desenvolve: familiar, educativo e social.

## 1.2.- MARCO LEGAL

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación.
- Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, por el que se establecen la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Primaria a nivel estatal.
- Decreto 155/2022 de 15 de setembro, polo que se establece a Ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 984/2021, de 16 de noviembre, por el que se regulan la evaluación y la promoción en la Educación Primaria, así como la evaluación, la promoción y la titulación en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato y la Formación Profesional.
- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa a educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDEN de 25 de enero de 2022 por la que se actualiza la normativa de evaluación en las enseñanzas de educación primaria, de educación secundaria obligatoria y de bachillerato en el sistema educativo de Galicia.
- ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- Real Decreto 95/2022, de 1 de febrero, por el que se establece la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Infantil a nivel estatal.
- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Anteproxecto de Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade.

## 1.3.- CONCEPTO DO PAT

É o marco que recolle e regula a planificación e organización da acción titorial que realizará o profesorado do Centro, e de modo particular, os titores. É ao mesmo tempo un programa de orientación educativa e un documento institucional, esixido pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

## 1.4.- LIÑAS DE ACCIÓN TITORIAL

Apuntan a aspectos básicos que deben estar presentes no desenvolvemento integral da persoa e que inclúen e transcenden aos propios obxectivos e contidos de cada área.

Os principios educativos aos que debe tender toda acción educativa e, polo tanto, a acción titorial, resúmense en :

Ensinar a ser persoa: identidade e autonomía.- Preténdese o desenvolvemento harmónico da identidade persoal do alumno e o logro dunha imaxe positiva de si mesmo e duns sentimentos de autoestima e autoconfianza.

Ensinar a convivir e comportarse.- Aínda máis polo modo en que se convive na aula e no centro que pola instrución explícita.

Ensinar a pensar.- O obxectivo é que o alumno chegue a ser capaz de aprender a aprender e a ter un control interno das estratexias que emprega (metacognición).

Esquecer estas liñas de actuación deixaría sen sentido o traballo que o profesorado realiza, pois a persoa é máis importante que acabar un programa ou que impartir contidos.

## 1.5. PRINCIPIOS PSICOPEDAGÓXICOS

